

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA
CELEBRADA O DÍA 24 DE FEBREIRO DE 2011

SRES. ASISTENTES:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. XOSÉ CASTRO RATÓN

CONCELLEIRAS/OS ASISTENTES:

D. MANUEL RODRÍGUEZ CUERVO
DONA M^a VICTORIA HIERRO LORENZO
DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
D. JOSÉ RAFAEL MEMBRIVES ROJAS
DONA SUSANA CAMIÑO PÉREZ
D. ÁLVARO CAROU GARCÍA
D. TOMÁS JAVIER FOLE DÍAZ
DONA M^a TERESA REY BARREIRO MEIRO
DONA ROCIO ANA LLOVO DEL RÍO
DONA MARTA RODRÍGUEZ ARIAS
D. JAIME RAMOS LORENZO
D. JESÚS PÉREZ ARCA
D. MANUEL ANGEL TARRÍO FERNÁNDEZ
DONA ANA ISABEL LORENZO FRAGA
DONA ROSA MARÍA ABUÍN RODRÍGUEZ
D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO
D. RAMÓN BUENO PIÑEIRO
DONA M^a DOLORES CUEVAS RIVAS
D. JOSÉ LUIS RIVERA MALLO

AUSENTES:

DONA M^a DOLORES GARCÍA GIMÉNEZ

SECRETARIA:

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA:

DONA CARMEN GÓMEZ OTERO.

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as dezoito horas do día 24 de febreiro de 2011, baixo a Presidencia de D. XOSÉ CASTRO RATÓN, e coa asistencia da Secretaria e Interventora, reuníronse, en primeira convocatoria, os señores Concelleiros, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Dación de conta das Resolucións da Alcaldía do mes de xaneiro de 2011.
3. Toma de posesión do Concelleiro D. Álvaro Carou García
4. Escrito presentado pola Asociación Veciñal Outeiro de Sobradelo en relación coas obras da Estrada de acceso ao Porto de Vilagarcía de Arousa (aboamento de expropiacións e subsanación de deficiencias).
5. Escrito presentado pola Asociación de Marisqueo a pe "Lazareto" solicitando apoio institucional ás súas peticións ante a Consellería do Mar.
6. Nomeamento de representantes municipais en diversos organismos.
7. Aprobación, se procede, do cambio de finalidade de préstamos.
8. Aprobación, se procede, de baixas por anulación no orzamento prorrogado.
9. Estimación, se procede, dos recursos de reposición interpostos pola Empresa Espina & Delfín, S.L. contra os acordos plenarios de data 25 de novembro de 2010 e a conseguinte aprobación das tarifas para o ano 2011.
10. Aprobación, se procede, da solicitude de Dona Patricia García María, de concesión de compatibilidade.
11. Exame das reclamacións presentadas contra o acordo adoptado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 30 de decembro de 2010, sobre modificación do cadro de persoal e anexo de postos de traballo, e acordos a adoptar.

12. Aprobación, se procede, da moción presentada polo Grupo Político Municipal do BNG contra a privatización das caixas de aforro.
13. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo Grupo Político Municipal de EU-IU de nomeamento espazo público entre Auditorio e Avda. da Mariña como Praza da República.
14. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo Grupo Político Municipal de EU-IU sobre reforma de tarifas ou prezos públicos aplicables na Escola Infantil Municipal.
15. Interpelacións.
16. Rogos e preguntas.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación da acta da sesión anterior, de data 27 de xaneiro de 2011.

Non habendo ningunha proposta de rectificación queda aprobada por unanimidade.

2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DO MES DE XANEIRO DE 2011.- Pola Secretaria dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións emitidas pola Alcaldía:

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DO MES DE XANEIRO 2011:

- 3.- Autorización de transmisión de licenza municipal de apertura de establecemento.
 - 1.- Concesión de licenza provisional de actividade.
 - 1.- Concesión de licenza definitiva de actividade.
- 5.- Concesión de licenza de apertura de establecemento.
 - 1.- Concesión de licenza municipal AMINP
- 1.- Denegación de solicitude de suspensión do cómputo de prazos para inicio de obras de construción de edificio.
 - 1.- Concesión de transmisión de licenza municipal de obras.
 - 1.- Concesión de cambio de titularidade de licenza municipal de segregación.
 - 1.- Concesión de acceso en precario a cafetería do Parque Miguel Hernández.
- 2.- concesión de renuncia e arquivo do expediente de licenza de construción.
 - 2.- Concesión de prórroga para execución de obras.
- 10.- Concesión de licenza municipal de acometida de auga e/ou saneamento.
- 12.- Concesión de licenza municipal de obra menor.
 - 3.- Concesión de licenza de primeira ocupación de edificación.
 - 1.- Denegación autorización para instalación de terraza.
 - 1.- Concesión de autorización para segregación finca.
 - 1.- Dación de conta de sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo.
 - 1.- Dación de conta de resolucións de Augas de Galicia.
- 7.- Concesión de licenza municipal de obra maior.
 - 3.- Concesión de gratificación especial a funcionarios.
 - 1.- Aplicación de acordo plenario do 30 de decembro de 2010 sobre modificación do cadro de persoal.
 - 1.- Designación de Interventora Delegada da FPSDM.
 - 1.- Designación de funcionaria interina Traballadora Social.
 - 1.- Designación de servizos mínimos pola convocatoria de folga xeral.

- 2.- Aprobación de gasto relativo a taxa por publicación de anuncio no BOP.
- 2.- Iniciación de expediente administrativo por ruidos.
 - 1.- Iniciación expediente administrativo sancionador por infracción de horario.
- 1.- Admisión a trámite de expediente AMINP.
- 1.- Sobresemento expediente sancionador ruidos.
- 1.- Rexeitamento dos traballos definitivos de valoración de postos de traballo.
- 2.- Imposición multa coercitiva por incumplimento de orde de execución.
 - 1.- Suspensión de executividade de Resolucions da Alcaldía.
- 1.- Incoación de expediente de reposición da legalidade urbanística.
- 1.- Disposición de tarifas taxis para o ano 2011.
- 3.- Concesión de licenza para tenza de animais potencialmente perigosos.
 - 1.- Inscripción de can no Rexistro Municipal de animais potencialmente perigosos.
- 1.- Autorización, disposición e recoñecemento de obriga de indemnización por despido improcedente.
 - 1.- Imposición de sanción por infracción cans soltos.
- 1.- Arquivo de expediente administrativo sancionador can solto e sobresemento do mesmo.
- 1.- Orde retirada terraza de establecemento.
- 1.- Nomeamento de director de obras.
- 2.- Aprobación Plan de Seguridade e Saúde de obras.
 - 1.- Remisión de expediente administrativo a Xulgado do Contencioso Administrativo.
- 1.- Requirimento a Letrado para exercitar accións para reparación do quebranto infrixido.
- 3.- Representación e defensa dos intereses do Concello exercida por letrado en procedemento xudicial.
 - 1.- Delegación funcións da Alcaldía en Tenente de Alcalde.
 - 1.- Deixar sen efecto nomeamento a favor de D. Marcelino Abuín Duro como membro da XGL.
 - 1.- Deixar sen efecto delegación de funcións da Alcaldía en Tenente de Alcalde.
 - 1.- Delegación a favor de Concelleiras.
- 3.- Desestimación de recurso de reposición contra aprobación liquidación definitiva ICIO ou Taxa Licenzas urbanísticas.
 - 1.- Inscripción de Asociación en Rexistro Municipal.
- 13.- Compensación de débito ou crédito.
- 14.- Orde de pago de facturas.
 - 1.- Aprobación expediente Modificación Créditos de Xeración de Créditos de natureza non tributaria 1/X/2011.
 - 1.- Recoñecemento de obrigación.
 - 2.- Aprobación expediente modificación de créditos.
 - 1.- Aprobación de bases operación de crédito.
- 30.- Declaración de sobresemento de expediente sancionador de tráfico.
- 44.- Desestimación de alegacións expediente sancionador de tráfico.
- 60.- Declaración de prescripción de infracción de tráfico.
 - 2.- Declaración de terminación de procedementos sancionadores de tráfico por pago voluntario anticipado.
 - 1.- Mantemento de validez de licenza rehabilitación.

TOTAL: 268

O Concello Pleno queda sabedor.

3.- TOMA DE POSESIÓN DO CONCELLEIRO D. ALVARO CAROU GARCÍA.- Pola Sra. Secretaria dáse conta da recepción no Concello da credencial expedida pola Xunta Electoral Central a favor do concelleiro D. Alvaro Carou García por estar incluído na lista de candidatos, presentada polo Grupo de PSdeG-PSOE ás eleccións Locais de 27 de maio de 2007, en substitución e por renuncia de D. Marcelino Abuín Duro.

A continuación, de conformidade co disposto no número 8 do artigo 108 da LOREX, o Sr. Concelleiro debe tomar posesión e para adquirir a plena condición do cargo de Concelleiro, debe xurar ou prometer acatamento á Constitución, segundo a fórmula seguinte: "*xuro ou prometo pola miña conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de CONCELLEIRO/A con lealdade ó Rei, gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado*".

Procédese a chamar ao Sr. Concelleiro para que realice a devandita promesa ou xuramento, efectuándoa segundo esta fórmula, empregando a seguinte expresión:

- Prometo, por imperativo legal.

O Sr. Alcalde imponse a medalla da corporación ao novo Concelleiro e dálle a benvida no nome da Corporación."

4.- ESCRITO PRESENTADO POLA ASOCIACIÓN VECIÑAL OUTEIRO DE SOBRADELO EN RELACIÓN COAS OBRAS DA ESTRADA DE ACCESO AO PORTO DE VILAGARCÍA DE AROUSA (ABOAMENTO DE EXPROPIACIÓNS E SUBSANACIÓN DE DEFICIENCIAS)..-

Pola Sra. Secretaria dáse lectura ó ditame emitido pola Comisión Informativa de Xestión Economía-RR.HH e Especial de Contas, en sesión celebrada o día 22 de febreiro de 2011, do seguinte teor:

Dáse conta do escrito presentado por D. Xosé María Fernández Martínez, como Secretario da Asociación Veciñal Outeiro de Sobradelo no que solicitan:

1º.- Que se introduza na orde do día do próximo Pleno Ordinario do Concello de Vilagarcía correspondente ao mes de febreiro de 2011 un punto no que o Pleno da Corporación acorde instar ao Ministerio de Fomento a efectuar de forma inmediata o pagamento das indemnizacións correspondentes ás expropiacións da estrada de acceso ao Porto de Vilagarcía porque é de lei.

2º.- Que o Concello se interese por solucionar as deficiencias denunciadas a propósito dos camiños de servizo na zona da Xesteira así como das deficiencias a propósito das pantallas acústicas para evitar os rúidos nas vivendas que está ao lado da estrada.

Que, alén diso, tal e como se recolle no Regulamento de Participación Cidadá do Concello de Vilagarcía se permita a intervención dunha persoa en representación do Colectivo de Afectados/as polas Expropiacións para argumentar e defender a proposta en cuestión.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Por unanimidade de tódolos representantes dos Grupos Políticos Municipais presentes, acórdase informar favorablemente a petición da Asociación Veciñal Outeiro.

Intervén D. Xosé María Fernández Martínez poñendo de manifesto a inactividade do Ministerio de Fomento en relación co pago das expropiacións ás persoas que recorreron ante o Xurado Provincial de Expropiacións e pide a resolución do problema, un compromiso de pago de forma inmediata e se solucionen as deficiencias producidas polas obras.

Finalmente da as grazas.

- Intervén o Sr. Membrives Rojas dicindo que o grupo municipal do PSdeG-PSOE agradece a súa intervención e lle da apoio. Di que fixeron xestións, hai expedientes aboados e outros pendentes de aboar. Durante o Goberno do PP se retrasaron as obras e non se fixo nada, despois levouse a cabo a obra que da servizo a toda a comarca.

Isto non pode quedar nunha declaración de intencións e o Goberno Municipal vai a traballar arreo e ponse ao dispor dos veciños para acadar unha solución ás súas reivindicacións.

- Intervén o Sr. Fajardo Recouso dicindo que o grupo municipal de EU-IU agradece aos veciños a súa participación, hai que dar un paso adiante na democracia participativa. Parécelles lamentable que nunha obra realizada non se tivo en conta aos veciños afectados. A Empresa cobrou e os veciños foron afectados no seu patrimonio e non o viron recompensado. Fanse unha pregunta, ¿Se os veciños afectados foran aos Bancos que pasaría?. E necesario que no Parlamento se lexisle de cara aos veciños e non para prexudicalos: reformas laborais, conxelación das pensións, privatización das caixas....

A circunvalación norte e o acceso ao porto cambiaron o Concello de forma definitiva pero non se estivo atento para evitar os danos aos veciños. Prohibíuselles entrar na inauguración do acceso ao porto simplemente porque nas camisetas dicían non estar de acordo coa reforma laboral.

Propón que mentres non pague o Ministerio de Fomento non se lle permita realizar actos protocolarios no Concello.

- Intervén o Sr. Fole Díaz dicindo que o grupo municipal do PP agradece a asistencia e a insistencia dos veciños de Sobradelo e parécelles inconcibible que sigan reclamando temas de esa zona, pediron un acceso soterrado e fíxose caso omiso pois o Partido Socialista en Madrid vota en contra. Reclamaron o arranxo das deficiencias na rotonda e non tiveron éxito. Sufriron incomodidades e é inconcibible que a esas persoas lles quitaran os terreos, a casa e a súa forma de vida e iso non se compensa con diñeiro, pois están habituadas a vivir nesa zona e a pesar do tempo seguen sen cobrar. Unha obra ten un orzamento para obras e expropiacións e aínda non se pagaron as expropiacións.

É fácil inaugurar a obra con gran dispendio e non se paga o que se debe. Na inauguración da sede do PSOE estivo Pepe Blanco e non dixo nada de este tema.

Insiste ao goberno local para realizar xestións e os veciños teñen o apoio do PP.

- Intervén o Sr. Rivera Mallo dicindo que agradece a asistencia dos veciños e que expliquen os seus problemas, poñen de manifesto ás deficiencias da obra e a falta de pago por falta de responsabilidade da Administración, pero a Administración cando os veciños non lle pagan a ela embargan os bens.

Reitera o seu apoio aos afectados.

- Intervén a Sra. Lorenzo Fraga dando a benvinda e dicindo que o Grupo Municipal do BNG se congratula de que estean no Pleno os veciños, pois aquí tómanse as decisións que lles afectan. Lamenta que reivindiquen uns dereitos que deberían estar satisfeitos fai tempo. Que se lles dea unha solución práctica aos problemas, recorreron ao Xurado de Expropiacións,

pero o Ministerio de Fomento non cumpriu coa obriga de pagar. Houbo unha reunión co Subdelegado do Goberno sen resposta. Dende aquí faise un chamamento ao Subdelegado do Goberno e que se deixe de liortas co Concello.

Di que se van a poñer en contacto cos parlamentarios que o BNG ten en Madrid para esixir o pago das expropiacións e que reivindiquen este tema.

Sometido a votación polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos concelleiros presentes no Pleno (20 de 21), acórdase apoiar as reivindicacións da Asociación Veciñal Outeiro de Sobradelo e,

- Instar ao Ministerio de Fomento a efectuar de forma inmediata o pagamento das indemnizacións correspondentes ás expropiacións da estrada de acceso ao Porto de Vilagarcía.

Que o Concello se interese por solucionar as deficiencias denunciadas a propósito dos camiños de servizo na zona da Xesteira así como das deficiencias a propósito das pantallas acústicas para evitar os ruídos nas vivendas que está ao lado da estrada.

5.- ESCRITO PRESENTADO POLA ASOCIACIÓN DE MARISQUEO A PE "LAZARETO" SOLICITANDO APOIO INSTITUCIONAL ÁS SÚAS PETICIÓN ANTE A CONSELLERÍA DO MAR.-

Pola Sra. Secretaria dáse lectura ó ditame emitido pola Comisión Informativa de Xestión Económica-RR.HH. e Especial de Contas, en sesión celebrada o día 22 de febreiro de 2011, do seguinte teor:

Pola Secretaria dáse conta dos escritos presentados por Dona Viviana Vidal Muñiz, como Presidenta da Asociación de Marisqueo a pe "Lazareto":

- Con data de 11 de febreiro de 2011 solicitando solicitando apoio institucional ás súas peticións ante a Consellería do Mar.

- Con data 21 de febreiro de 2011 solicitando a súa intervención no Pleno da Corporación.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As/os representantes do grupo político municipal de EU-IU., informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos políticos municipais de PSdeG-PSOE, BNG, PP e IVIL, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría informase favorablemente o apoio institucional ás peticións da Asociación de Marisqueo a Pe "Lazareto" ante a Consellería do Mar.

Intervén Dona Viviana Vidal Muñiz, como Presidenta da Asociación de Marisqueo a pe "Lazareto" que procede a ler o seguinte escrito:

"Nuestra intervención en este Pleno, se basa en los hechos relatados en nuestro escrito, de fecha 11 de febrero del corriente año, entregado a todos los grupos políticos, representados en este Pleno, el cual, deseamos sea, incorporado al acta de sesiones.

Volvemos a reiterar, que los partidos políticos gobernantes en Galicia, se han estado olvidando, de los futuros jóvenes del mar, pues para ellos, no existe ninguna iniciativa de empleo, solo mentiras y engaños, siendo tratados como escoria y considerados, únicamente, como furtivos, pero sin preocuparse de los motivos.

De todos estos hechos, consideramos responsable, al Partido Popular, no podemos echar nada en cara a los anteriores gobernantes de la Xunta de Galicia, pues nada les pedimos, pues

de aquella, no existíamos, y si existimos, fue con el pleno conocimiento del Partido Popular, pues antes de gobernar, en infinidad de reuniones, consideraban que había una auténtica, discriminación e injusticia, cuando gobernasen corregirían la situación.

La Consellería do Mar, después de siete reuniones, nos ha engañado, quedándonos como única solución, tirarnos al monte, para que nos escuchen, el mar, no es privativo, es del Estado, debiéndose explotar con racionalidad y teniendo en cuenta, que los herederos legítimos del mismo, es el trabajador del mar, pues nadie mas lo quiere para trabajarlo, solo para divertirse.

Nosotros, no queremos ser funcionarios y recibir euros, en campañas electorales, queremos un terreno, para trabajar, dentro de las leyes, normas y reglamentos.

El trabajo amparado por la Constitución, no conoce de partidos políticos, solo que tiene que ser una igualdad para todos, la Consellería do Mar, lo que hace e hizo anteriormente, es entregar miles de metros cuadrados a determinadas personas, ha sabiendas de que no se puede trabajar, por falta de mano de obra, y promociona el conflicto personal, para dividir lo mas posible el sector.

Nuestra asociación, solicita en este Pleno, el apoyo institucional del mismo, pero no como medio simbólico, sino efectivo y continuado ante la Consellería do Mar, pues afecta a los jóvenes marineros de este Concello, con la siguiente propuesta:

a) Que se den los 30 permex que solicitó la Cofradía, para o ano 2011.

b) Que vuelva haber nueva convocatoria, para incluir en la lista, a todos los ciudadanos del Concello y puedan tener las mismas oportunidades de acceso a los permex.

c) Que se haga el Plan Piloto, donde lo estimen oportuno, pero que se concreten plazos y lugares, expidiendo permisos especiales, donde estén, todos los titulados del Concello, y que se determine, cantidad y fecha anual, de ingreso en la Agrupación de Marisqueo a Pie.

d) Que se levante la correspondiente Acta de cualquier reunión que se tenga sobre el tema.

e) Que de los 1.200.000 metros cuadrados, que tiene la Agrupación de Marisqueo a Pie, tienen para el año 2001, para trabajar 710.000 metros cuadrados en los Lombos del Ulla y 24.500 metros cuadrados en la Playa Compostela, por lo tanto quedan libres 465.500 metros cuadrados, estos son suficientes para incorporar a 100 personas, cualquier zona que se elija es productiva, guiados y dirigidos por marineros profesionales, no hace falta invertir un solo euro, sino planificación de trabajo.

f) Para nosotros el mejor interlocutor válido, sería el Ayuntamiento, y en su defecto como supervisor de los acuerdos.

Volvemos a reiterar, que el Partido Popular de Vilagarcía, debe mojarse y defender a sus ciudadanos, se acabaron las reuniones, sino van acompañadas de propuestas firmes y efectivas, sin engaños y dilaciones, de lo contrario, iremos al monte, con todas las consecuencias, habidas y por haber, incluyendo en la campaña electoral de Mayo, donde será nuestra presencia continuada, allá donde estén y la presida quien sea.

Gracias por escucharnos, pero tener en cuenta que los jóvenes, que formamos este grupo, os necesitamos.

- Intervén o Sr. Fole Díaz dicindo que o PP nunca negou ningún apoio, nin ningunha reunión. Pode que non houbera puntualmente axilidade para convocar algunha reunión.

A proposta a respectan e con todo o respecto intentarase arranxar pero non se pode insinuar que van a estar presionando se non reciben o apoio do PP.

Dende o PP de Vilagarcía non son voceiros da Consellería, e intentan defender os intereses dos vilagarcíans. Nunca é tarde para buscar alternativas pero ten outra información, xa que, en reunións en Santiago explicóuselles todo o que había.

Di que nas reunións que él estivo coincide co que estaba pasando; se en reunións posteriores se formularon outros temas non o sabe.

O PP está disposto a buscar alternativas e apoiar á Asociación. Queren darlles axuda e poden mediar coas persoas que o decidan e aí esta o Grupo Municipal do PP para apoiar á Asociación.

- Intervén o Sr. Fajardo Recouso dicindo que ten diante un extracto da páxina web da Consellería do Mar do 31 de agosto de 2010, e dise que vai dar Permex en Carril. Os altos responsables da Consellería do Mar son de Vilagarcía de Arousa e comprometéronse a darlle os permex e os utilizaron, e agora non está a Conselleira do Mar disposta a facer nada. Esíxelle ao Sr. Fole que resolva mañá isto, pois o PP díxolle que pediran iso e logo nada de nada, dálles igual.

O Grupo Municipal de EU-IU apoia a este colectivo de traballadores e non se deben criminalizar. Dignidade e verdade, que expliquen por que o PP non o quere facer. Manifesta o compromiso do seu grupo coa reivindicación.

- Intervén o Sr. Rivera Mallo dicindo que agradece á voceira a súa intervención, o apoio debe ser común de toda a Corporación en un momento tan difícil para a xuventude e ponse ao seu dispor . O Concello non ten competencia pero dálles o seu apoio.

- Intervén o Sr. Membrives Rojas dicindo que o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE apoia aos veciños que queren traballar e que foron utilizados na campaña electoral do ano 2009 e se lles prometeu Permex, unha vez no poder esqueceronse das promesas.

Preguntase por que o PP non levou a Feijoo ao hospital ou a Carril ou a onde ia a ser o ambulatorio. Pero en campaña que non protesten moito, que lle protesten ao PSOE. Aquí que cumpran o prometido.

- Intervén a Sra. Abuín Rodríguez dicindo que está claro que o Sr. Fole está incómodo con esta Asociación, a Consellería enganou aos veciños e ao BNG.

O BNG presentou unha pregunta no Parlamento sobre os permex de Carril e se lle dixo que se vai a facer un Plan Piloto e se van a dar 21 permisos en Carril (novembro de 2009). O 31 de agosto de 2010 na páxina web da Consellería se dí que xa está en marcha.

En nome da austeridade recórtanse as axudas ás mariscadoras que non teñen cotizados 15 anos, retiran os seguros do mar, pero en cambio a Consellería do Mar gastou 2,5 millóns en publicidade. O PP debe dar explicacións e os veciños están aquí polos incumprimentos do PP. O Grupo Municipal do BNG apoia a iniciativa dos veciños de Carril e vai a seguir pelexando a través do Deputado do BNG.

- Intervén o Sr. Alcalde en Funcións dicindo que o Grupo Municipal de Goberno apoia ás mariscadoras de Carril nas súas reivindicacións.

Sometido a votación polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos concelleiros presentes no Pleno (20 de 21), acórdase apoiar as reivindicacións da Asociación de Marisqueo a Pe “Lazareto” ante a Consellería do Mar.

6.- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES MUNICIPAIS EN DIVERSOS ORGANISMOS..-

Pola Sra. Secretaria dáse lectura ó ditame emitido pola Comisión Informativa de Xestión Económica, RR.HH e Especial de Contas, en sesión celebrada o día 22 de febreiro de 2011, do seguinte teor:

Dáse conta da Proposta da Alcaldía, do teor literal seguinte:

Con data 27 de xaneiro de 2011, o Pleno da Corporación tomou coñecemento da renuncia presentada por D. Marcelino Abuín Duro ao cargo de Concelleiro de Vilagarcía de Arousa.

Con tal motivo procede levar a cabo a súa substitución nos organismos nos que representaba ó concello.

Polo exposto, veño en propoñer ao Pleno da Corporación Municipal, nomear como representantes municipais nos organismos que se citan a continuación ós/ás seguintes concelleiros/as:

-Dona M^a Victoria Hierro Lorenzo (titular) e Dona Susana Camiño Pérez (suplente) no Padroado do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

-Dona Tania García Sanmartín (titular) e D. Manuel Rodríguez Cuervo (suplente), membros do Consello de Xerencia Municipal de Urbanismo, en representación do Grupo Municipal do P.S. de G-PSOE.

- Que por cada grupo municipal se presente un/ha candidato/a para o Consello de Administración da Autoridade Portuaria e polo Pleno se decida ó/á concelleiro/a que substitúa a D. Marcelino Abuín Duro no Consello de Administración da Autoridade Portuaria.

- Polo PSdeG-PSOE propónse a D. José Rafael Membrives Rojas.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As/os representantes dos grupos políticos municipais de P.S.de G-PSOE e B.N.G., informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos políticos municipais de PP e IVIL, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

As/os representantes do grupo político municipal de EU-IU, informan desfavorablemente.

En consecuencia e por maioría informase favorablemente a proposta da Alcaldía.

- Intervén o Sr. Fajardo Recouso dicindo que o Grupo Municipal de EU-IU tiña un representante da Autoridade Portuaria e agora a representación a ten un Concelleiro de IVIL e non están de acordo, solicitan se retire a proposta anterior e que haxa 1 representante do goberno e 1 representante de EU-IU.

- Intervén o Sr. Alcalde dicindo que queda recollida a solicitude.

Sometido a votación da o seguinte resultado:

Nomeamentos para o Padroado do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia: Dona M^a Victoria Hierro Lorenzo (titular) e Dona Susana Camiño Pérez (suplente)

VOTACIÓN: Con dez votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do P.S. de G-PSOE(6), B.N.G.(3), e IVIL(1), tres votos en contra dos membros do grupo político municipal do EU-IU (3), e sete abstencións dos membros do grupo político municipal do PP (7),

ACÓRDASE: Por maioría, aprobar a proposta relativa á designación dos representantes municipais no Padroado do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

Nomeamento para o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo: Dona Tania García Sanmartín (titular) e D. Manuel Rodríguez Cuervo (suplente)

VOTACIÓN: Con dez votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do P.S. de G-PSOE(6), B.N.G.(3), e IVIL(1), tres votos en contra dos membros do grupo político municipal do EU-IU (3), e sete abstencións dos membros do grupo político municipal do PP (7),

ACÓRDASE: Por maioría, aprobar a proposta relativa á designación dos representantes do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE no Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo.

Nomeamento para o Consello de Administración da Autoridade Portuaria: D. José Membrives Rojas

VOTACIÓN: Con dez votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do P.S. de G-PSOE(6), B.N.G.(3), e IVIL(1), tres votos en contra dos membros do grupo político municipal do EU-IU (3), e sete abstencións dos membros do grupo político municipal do PP (7),

ACÓRDASE: Por maioría, aprobar a proposta relativa á designación de D. José R. Membrives Rojas como representante municipal no Consello de Administración de Autoridade Portuaria, en substitución de D. Marcelino Abuín Duro.

7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CAMBIO DE FINALIDADE DE PRÉSTAMOS..- Pola Sra. Secretaria dáse lectura ó ditame emitido pola Comisión Informativa de Xestión Económica, RR.HH. e Especial de Contas, en sesión celebrada o día 22 de febreiro de 2011, do seguinte teor:

Dáse conta da Memoria-Proposta da Alcaldía, do teor literal seguinte:

MEMORIA-PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA XUSTIFICATIVA DAS MODIFICACIÓNS ORZAMENTARIAS POR CRÉDITO EXTRAORDINARIO E SUPLEMENTO DE CRÉDITO, E DO CAMBIO DE FINALIDADE DO REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO E DO PRÉSTAMO Nº0540037306 (CI Nº 41/09 DE CAIXANOVA.

Logo de ver os seguintes expedientes iniciados mediante Providencia da Alcaldía de data 7 de febreiro de 2011, debido á existencia de gastos específicos e determinados que non poden demorarse ata o próximo exercicio, e para os que, ou ben non existe crédito no vixente Orzamento da Corporación, que é o prorrogado para o exercicio 2011, ou ben resulta insuficiente e non pode ser ampliado:

1.- Expediente nº 1/2011 de modificación de finalidades do Remanente de Tesourería afectado e do préstamo anteriormente descrito de Caixanova nº 0540037306 (CI nº 41/09), coa conseguinte modificación do Anexo de Investimentos 2009.

2.- Expediente nº 1/2011 de crédito extraordinario financiado con baixas de créditos de gastos doutras aplicacións do orzamento vixente por importe de 300.900,00 euros para atender os gastos plurianuais derivados dos seguintes Proxectos:

Nº OBRA	DENOMINACIÓN	Anualidade 2010	PARTIDA
---------	--------------	--------------------	---------

022/08	BEIRARUAS MUNICIPIO: OS DURANS, O PIÑEIRIÑO, CAMILO JOSE CELA, CALLE AROUSA A XUNQUEIRA	300.900,00	453-61900
TOTAL		300.900,00	

3.- Expediente nº 1/2011 de suplemento de crédito, por importe de 228.393,74 euros para atender os gastos plurianuais derivados dos seguintes Proxectos:

Nº OBRA	DENOMINACIÓN	Anualidade 2010	PARTIDA
07/031/08	MELLORA REDE SANEAMENTO NOS CASCOS HISTORICOS AROUSA XXI	2.220,30	161-61900
02/031/08	HUMANIZACION CASCOS HISTORICOS VILAXOAN CARRIL AROUSA XXI	196.173,44	453-61900
09/031/08	NORMALIZACION MOBILIARIO E ILUMINACIÓN CASCOS HISTORICO AROUSA XXI	30.000,00	453-61900
TOTAL		228.393,74	

Tendo en conta os sobrantes existentes no Remanente de Tesourería afectado por importe de 326.326,32 euros e no préstamo de Caixanova nº 0540037306 (CI nº 41/09), que financia a anualidade 2009 do PXOUM, por importe de 117.915,80 euros, así como as baixas de créditos de gastos noutras aplicacións do orzamento vixente (prorrogado ao 2011), por importe de 85.051,62 euros.

Os medios e recursos que han de financiar os aumentos que se propoñen ao amparo do disposto no artigo 174.4 do TRLFL 2/2004 son os seguintes:

- Baixas de créditos de gastos das seguintes aplicacións do orzamento vixente:

1.- CORRESPONDENTES AOS PROXECTOS DE GASTO CON MODIFICACIÓN DA SÚA FINANCIACIÓN (CAMBIO DE FINALIDADE DO REMANENTE DE TESOURERÍA AFFECTADO E PRÉSTAMO):

DENOMINACIÓN PROXECTO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
OBRA 33/04 REVISION PXOUM. PRÉSTAMO CAIXANOVA	159-62700	117.915,80
OBRA 5/06 PRESTAMO BCL 9545776833 (2008), CARTOGRAFIA E INVENTARIO MUNICIPAL ANUALIDAD 2008	920-62900	80.000,00
OBRA 3/08 PRESTAMO BCL 9545776833 (2008), EQUIPOS E PROGRAMAS INFORMATICOS	927-62600	95,00
OBRA 4/08, PRESTAMO BCL 9545776833 (2008), COORDINACION INALAMBRICA SEFAFORICA J.CARLOS I E CAROLINAS	132-62300	13.689,14

OBRA 5/08, PRESTAMO BCL 9545776833 (2008), MOBILIARIO POLICIA	132-62500	1.550,67
OBRA 9/08, PRESTAMO BCL 9545776833 (2008), REGAS EN ROTONDAS	171-61900	4.000,00
OBRA 16/07, PRESTAMO BCL 9545776833 (2008), MELLORA REDES SANEAM.E ABAST.AUGA. ANUALIDADE 2008	161-61900	25.509,17
OBRA 17/08, PRESTAMO BCL 9545776833 (2008), MAQUINA LIMPIAPLAIAS	455-62300	17.090,56
OBRA 3/04, PRESTAMO BCL 9545776833 (2008), ACONDIC. BAIXOS AUDITORIO. ANUALIDADE 2008	334-62200	60.000,00
OBRA 24/08, PRESTAMO BCL 9545776833 (2008), VIDEO VIXILANCIA AUDITORIO	334-62300	10.000,00
OBRA 25/07, PRESTAMO BCL 9545776833 (2008), ACOND. PAVILLON BAMIO: VESTIARIOS, AUGA E ALCANT. ANUAL. 2008	341-62200	76.800,00
OBRA 25/08, PRESTAMO BCL 9545776833 (2008), MURO CONTECION CAMIÑO NOVO EN ZAMAR	453-60900	37.591,78
TOTAL	444.242,12	

2.- CORRESPONDENTES A OUTRAS APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS DO ORZAMENTO VIXENTE FINANCIADAS CON RECURSOS PROPIOS:

Aplicación	Importe
134-62500	600,00 €
171-62500	700,00 €
231-62500	5.000,00 €
234-62300	2.500,00 €
234-62500	2.000,00 €
234-62600	5.700,00 €
237-62300	300,00 €
237-62500	2.900,00 €
237-62600	1.200,00 €
323-62500	4.209,90 €
332-62300	1.000,00 €
453-62500	4.100,00 €
453-61900	11.200,00 €
453-62300	5.600,00 €

454-210	38.041,72 €
TOTAL	85.051,62 €

Posto de manifesto mediante informe de Intervención adxunto ó expediente (Ref. CV-42/2011), que existen excesos de financiamento nas inversións financiadas con Remanente de Tesourería Afectado por importe de 326.326,32 euros e co préstamo nº 0540037306 de Caixanova por importe de 117.915,80 euros,
Tendo en conta que o mantemento dos préstamos non utilizados, coa conseguinte carga financeira que estes comportan, constitúe unha situación totalmente antieconómica.

Esta Alcaldía, co obxecto de atender aos compromisos anteriormente descritos propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar a modificación de finalidade do Remanente de Tesourería afectado por importe de 326.326,32 euros e do préstamo nº 0540037306 de Caixanova (CI nº 41/09), por importe de 117.915,80 euros ascendendo á contía total de 444.242,12 euros, segundo o seguinte detalle:

PROXECTO/DENOMINACIÓN	REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO E PRÉSTAMOS DOS QUE PROCEDE	IMPORTE SOBRANTE DESTINADO A CAMBIO DE FINALIDADE
OBRA 5/06 PRESTAMO BCL 9545776833 (2008), CARTOGRAFIA E INVENTARIO MUNICIPAL ANUALIDAD 2008	REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO	80.000,00 €
OBRA 3/08 PRESTAMO BCL 9545776833 (2008), EQUIPOS E PROGRAMAS INFORMATICOS	REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO	95,00 €
OBRA 4/08, PRESTAMO BCL 9545776833 (2008), COORDINACION INALAMBRICA SEFAFORICA J.CARLOS I E CAROLINAS	REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO	13.689,14 €
OBRA 5/08, PRESTAMO BCL 9545776833 (2008), MOBILIARIO POLICIA	REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO	1.550,67 €
OBRA 9/08, PRESTAMO BCL 9545776833 (2008), REGAS EN ROTONDAS	REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO	4.000,00 €
OBRA 16/07, PRESTAMO BCL 9545776833 (2008), MELLORA REDES SANEAM.E ABAST.AUGA. ANUALIDADE 2008	REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO	25.509,17 €
OBRA 17/08, PRESTAMO BCL 9545776833 (2008), MAQUINA LIMPIAPLAIAS	REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO	17.090,56 €
OBRA 3/04, PRESTAMO BCL 9545776833 (2008), ACONDIC. BAIXOS AUDITORIO. ANUALIDADE 2008	REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO	60.000,00 €
OBRA 24/08, PRESTAMO BCL 9545776833 (2008), VIDEO VIXILANCIA AUDITORIO	REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO	10.000,00 €
OBRA 25/07, PRESTAMO BCL 9545776833 (2008), ACOND. PAVILLON BAMIO: VESTIARIOS, AUGA E ALCANT. ANUAL. 2008	REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO	76.800,00 €
OBRA 25/08, PRESTAMO BCL 9545776833 (2008), MURO CONTECION CAMIÑO NOVO EN ZAMAR	REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO	37.591,78 €
OBRA 33/04 REVISION PXOUM. PRÉSTAMO CAIXANOVA	PRÉSTAMO CAXANOVA	117.915,80 €
TOTAL		444.242,12 €

SEGUNDO: Aprobar inicialmente o expediente nº 1/2011 de crédito extraordinario financiado con baixas de créditos de gastos doutras aplicacións do orzamento vixente por importe de 300.900,00 euros para atender os gastos plurianuais derivados do seguinte Proxecto:

CRÉDITO EXTRAORDINARIO:

Nº OBRA	DENOMINACIÓN	Anualidade 2010	PARTIDA
022/08	BEIRARUAS MUNICIPIO: OS DURANS, O PIÑEIRIÑO, CAMILO JOSE CELA, CALLE AROUSA A XUNQUEIRA	300.900,00	453-61900
	TOTAL	300.900,00	

Os medios e recursos que han de financiar os aumentos que se propoñen ao amparo do disposto no artigo 174.4 do TRLFL 2/2004 son os seguintes:

Baixas de créditos de gastos das seguintes aplicacións do orzamento vixente:

BAIXAS DE CRÉDITOS:

1.- CORRESPONDENTES AOS PROXECTOS DE GASTO CON MODIFICACIÓN DA SÚA FINANCIACIÓN (CAMBIO DE FINALIDADE DO REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO):

DENOMINACIÓN PROXECTO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
OBRA 5/06 PRESTAMO BCL 9545776833 (2008), CARTOGRAFIA E INVENTARIO MUNICIPAL ANUALIDADE 2008	920-62900	80.000,00
OBRA 3/08 PRESTAMO BCL 9545776833 (2008), EQUIPOS E PROGRAMAS INFORMATICOS	927-62600	95,00
OBRA 4/08, PRESTAMO BCL 9545776833 (2008), COORDINACION INALAMBRICA SEFAFORICA J.CARLOS I E CAROLINAS	132-62300	13.689,14
OBRA 5/08, PRESTAMO BCL 9545776833 (2008), MOBILIARIO POLICIA	132-62500	1.550,67
OBRA 9/08, PRESTAMO BCL 9545776833 (2008), REGAS EN ROTONDAS	171-61900	4.000,00
OBRA 16/07, PRESTAMO BCL 9545776833 (2008), MELLORA REDES SANEAM.E ABAST.AUGA. ANUALIDADE 2008	161-61900	25.509,17

OBRA 17/08, PRESTAMO BCL 9545776833 (2008), MAQUINA LIMPIAPLAIAS	455-62300	17.090,56
OBRA 3/04, PRESTAMO BCL 9545776833 (2008), ACONDIC. BAIXOS AUDITORIO. ANUALIDADE 2008	334-62200	60.000,00
OBRA 24/08, PRESTAMO BCL 9545776833 (2008), VIDEO VIXILANCIA AUDITORIO	334-62300	10.000,00
OBRA 25/07, PRESTAMO BCL 9545776833 (2008), ACOND. PAVILLON BAMIO: VESTIARIOS, AUGA E ALCANT. ANUAL. 2008	341-62200	76.800,00
OBRA 25/08, PRESTAMO BCL 9545776833 (2008), MURO CONTECION CAMIÑO NOVO EN ZAMAR	453-60900	12.165,46
TOTAL		300.900,00

TERCEIRO: Aprobar inicialmente o expediente de suplemento de crédito nº 1/2011 por importe de 228.393,74 euros, en relación ás aplicacións orzamentarias e Proxectos que se relacionan a continuación:

SUPLEMENTO DE CRÉDITO:

Nº OBRA	DENOMINACIÓN	Anualidade 2010	PARTIDA
07/031/08	MELLORA REDE SANEAMENTO NOS CASCOS HISTORICOS AROUSA XXI	2.220,30	161-61900
02/031/08	HUMANIZACION CASCOS HISTORICOS VILAXOAN CARRIL AROUSA XXI	196.173,44	453-61900
09/031/08	NORMALIZACION MOBILIARIO E ILUMINACIÓN CASCOS HISTORICO AROUSA XXI	30.000,00	453-61900
	TOTAL	228.393,74	

Os medios e recursos que han de financiar os aumentos que se propoñen ao amparo do disposto no artigo 174.4 do TRLFL 2/2004 son os seguintes:

Baixas de créditos de gastos das seguintes aplicacións do orzamento vixente:

BAIXAS DE CRÉDITOS:

1.- CORRESPONDENTES AOS PROXECTOS DE GASTO CON MODIFICACIÓN DA SÚA FINANCIACIÓN (CAMBIO DE FINALIDADE DO REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO E PRÉSTAMO):

DENOMINACIÓN PROXECTO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
OBRA 33/04 REVISION PXOUM. PRÉSTAMO CAIXANOVA	159-62700	117.915,80

OBRA 25/08, PRESTAMO BCL 9545776833 (2008), MURO CONTECION CAMIÑO NOVO EN ZAMAR	453-60900	25.426,32
TOTAL		143.342,12

2.- CORRESPONDENTES A OUTRAS APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS DO ORZAMENTO VIXENTE FINANCIADAS CON RECURSOS PROPIOS:

Aplicación	Importe
134-62500	600,00 €
171-62500	700,00 €
231-62500	5.000,00 €
234-62300	2.500,00 €
234-62500	2.000,00 €
234-62600	5.700,00 €
237-62300	300,00 €
237-62500	2.900,00 €
237-62600	1.200,00 €
323-62500	4.209,90 €
332-62300	1.000,00 €
453-62500	4.100,00 €
453-61900	11.200,00 €
453-62300	5.600,00 €
454-210	38.041,72 €
TOTAL	85.051,62 €

CUARTO: A financiación dos expedientes de modificación de créditos procede de anulacións ou baixas de créditos doutras partidas do Orzamento vixente non comprometidas, das que a súa dotación se estima reducible sen perturbación do respectivo servizo.

O único proxecto de obra en fase compromiso era: OBRA 25/08, PRESTAMO BCL 9545776833 (2008), MURO CONTECION CAMIÑO NOVO EN ZAMAR. En Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2011 se acorda a resolución da adxudicación definitiva ao contratista, e a concesión do prazo de audiencia. A resolución se fará mediante acordo inter partes, ou ben, de non ser así, fundamentada na causa de resolución comprendida nos artigos 196 e 197 da LCAP, isto é resolución por demora no cumprimento dos prazos polo contratista.

QUINTO: Modificar o Anexo de Investimentos 2009, que deberá incorporar a seguinte distribución de financiamento nos novos proxectos que de seguido se indican:

Nº OBRA	DENOMINACIÓN	Anualidade 2010	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE	FINANCIAMENTO
----------------	---------------------	----------------------------	------------------------------------	----------------	----------------------

022/08	BEIRARUAS MUNICIPIO: OS DURANS, O PIÑEIRIÑO, CAMILO JOSE CELA, CALLE AROUSA A XUNQUEIRA	300.900,00	453-61900	300.900,00	REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO (Procede de ptmo BCL nº 9545776833)
07/031/08	MELLORA REDE SANEAMENTO NOS CASCOS HISTORICOS AROUSA XXI	2.220,30	161-61900	2.220,30	REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO (Procede de ptmo BCL nº 9545776833)
02/031/08	HUMANIZACION CASCOS HISTORICOS VILAXOAN CARRIL AROUSA XXI	196.173,44	453-61900	78.257,64	PRÉSTAMO CAIXANOVA nº 0540037306 (CI Nº 41/09) RECURSOS PROPIOS
09/031/08	NORMALIZACION MOBILIARIO E ILUMINACIÓN CASCOS HISTORICO AROUSA XXI	30.000,00	453-61900	6.793,98	REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO (Procede de ptmo BCL nº 9545776833) RECURSOS PROPIOS
TOTAL		529.293,74		529.293,74	

SEXO: Exponer ao público os seguintes expedientes : nº 1/2011 de modificación de finalidades do Remanente de Tesourería afectado e do préstamo de Caixanova nº 0540037306 (CI nº 41/09), coa conseguinte modificación do Anexo de Investimentos 2009; Expedientes nº 1/2011 de créditos extraordinarios e nº 1/2011 de suplementos de crédito, financiados con baixas de créditos de gastos doutras aplicacións do orzamento vixente, no BOP, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. Os expedientes se considerarán definitivamente aprobados se durante o citado prazo non se houberen presentado reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

SÉTIMO: Unha vez aprobado definitivamente os expedientes nº 1/2011 de modificación de finalidades do Remanente de Tesourería afectado e do préstamo de Caixanova nº 0540037306 (CI nº 41/09), coa conseguinte modificación do Anexo de Investimentos 2009, e expedientes nº 1/2011 de créditos extraordinarios e nº 1/2011 de suplementos de crédito, financiados con baixas de créditos de gastos doutras aplicacións do orzamento vixente, serán insertados e resumidos por capítulos no BOP. Asímesmo, se remitirá copia do expediente á Administración do Estado e a da correspondente CCAA simultaneamente ao envío do BOP.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As/os representantes dos grupos políticos municipais de P.S.de G-PSOE e B.N.G., informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos políticos municipais de PP, EU-IU e IVIL, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación inicial do expediente nº 1/2011 de crédito extraordinario financiado con baixas de créditos de gastos doutras aplicacións do orzamento vixente , o expediente 1/2011 de modificación de finalidades de remanente de Tesourería afectada e o expediente 1/2011 de suplemento de crédito polo importe total de 529.293,74 €.

- Intervén o Sr. Alcalde en Funcións dicindo que en novembro aprobouse a operación de crédito e a Consellería de Facenda rexeitouna por non estar liquidado o orzamento de 2009. Estas obras están realizadas dentro do programa Arousa XXI e logo están as beirarrúas de Os Duráns, A Xunqueira e O Piñeiríño.

Os recursos para financiar esa anualidade se detraen de investimentos que non se poden realizar ou de aforros na execución (PXOM, Inventario, Equipos Informáticos, Mobiliario policía, regas en rotondas, máquinas limpapraias, baixas de auditorio, video vixianza no Auditorio, etc...) e propónse eliminar desas finalidades, o tema do Pavillón de Bamio contemplárase no futuro, o Muro de Zamar aínda non foi construído pola Empresa.

E logo unha cantidade de 85.000 € saen un pouco de cada lado do orzamento vixente. Esta proposta non eleva o nivel de endebedamento.

- Intervén o Sr. Fole Díaz dicindo que o Sr. Castro Ratón debería de indicar que o PP tiña razón. Agradece a explicación pero chegase a febreiro de 2011 e o PP o dicía dende fai anos. A día de hoxe non hai orzamentos, non hai un plan de investimentos. O PP dixo orzamentos novos para o ano 2011. Dixéronlles que non se podía sacar doutro lado e agora faise. Chegouse ata aquí pola mala xestión do Grupo de Goberno, o Grupo Municipal do PP está dicindo a realidade. No 2007 puxeron como condición ao apoio do PP a elaboración do orzamento de 2008, pero non chamaron ao PP nin no 2008 nin no 2009.

Faltan os datos económicos do 2010, chegados aquí hai que intentar ser coherentes aínda que non estean de acordo de onde saen as partidas, aínda así hai un déficit non financeiro, un déficit de xestión.

Estase sen orzamentos de 2011, como único positivo non queren que o Concello se endebede mais e se dixo antes que non había outras alternativas. A medida é escasa, pois habería que traer os orzamentos de 2011.

- Intervén o Sr. Fajardo Recouso dicindo que dende o Grupo Municipal de EU-IU formulan unha proposta disgregando a proposta. A algunhas cousas votarán a favor e a outras non.

En Arousa XXI obviáronse as propostas de EU-IU e evitouse unha reunión co seu grupo para inverter ese diñeiro. Non hai xeriátricos nin centro de día en Vilagarcía de Arousa e non votarán a favor.

Pero no tema das beirarrúas votarán a favor, por que sempre o apoiaron e se dixo que colocarían unhas árbores en Os Duráns e uns bancos e papeleiras, pero non existen.

Propón unha votación por separado.

- Intervén o Sr. Rivera Mallo dicindo que non supón máis endebedamento pero a situación financeira municipal é moi difícil, debería presentarse a Conta Xeral de 2009 e 2010 e a liquidación do orzamento de 2010.

Di que apoiará o asunto.

- Intervén o Sr. Alcalde en Funcións dicindo que son asuntos atrasados e que ten pedido ao Departamento de Intervención como prioridade a Conta Xeral de 2009, a liquidación do 2010 e logo o Orzamento de 2011 para o mes de marzo.

Sometido a votación polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con nove votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (6) e BNG (3), sete abstencións, pertencentes ós membros do grupo político municipal do PP (7), e tres votos en contra, pertencentes ós membros do grupo político municipal do EU-IU,

ACÓRDASE por maioría:

PRIMEIRO: Aprobar a modificación de finalidade do Remanente de Tesourería afectado por importe de 326.326,32 euros e do préstamo nº 0540037306 de Caixanova (CI nº 41/09), por importe de 117.915,80 euros ascendendo á contía total de 444.242,12 euros, segundo o seguinte detalle:

PROXECTO/DENOMINACIÓN	REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO E PRÉSTAMOS DOS QUE PROCEDE	IMPORTE SOBRANTE DESTINADO A CAMBIO DE FINALIDADE
OBRA 5/06 PRESTAMO BCL 9545776833 (2008), CARTOGRAFIA E INVENTARIO MUNICIPAL ANUALIDADE 2008	REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO	80.000,00 €
OBRA 3/08 PRESTAMO BCL 9545776833 (2008), EQUIPOS E PROGRAMAS INFORMATICOS	REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO	95,00 €
OBRA 4/08, PRESTAMO BCL 9545776833 (2008), COORDINACION INALAMBRICA SEFAFORICA J.CARLOS I E CAROLINAS	REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO	13.689,14 €
OBRA 5/08, PRESTAMO BCL 9545776833 (2008), MOBILIARIO POLICIA	REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO	1.550,67 €
OBRA 9/08, PRESTAMO BCL 9545776833 (2008), REGAS EN ROTONDAS	REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO	4.000,00 €
OBRA 16/07, PRESTAMO BCL 9545776833 (2008), MELLORA REDES SANEAM.E ABAST.AUGA. ANUALIDADE 2008	REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO	25.509,17 €
OBRA 17/08, PRESTAMO BCL 9545776833 (2008), MAQUINA LIMPIAPLAIAS	REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO	17.090,56 €
OBRA 3/04, PRESTAMO BCL 9545776833 (2008), ACONDIC. BAIXOS AUDITORIO. ANUALIDADE 2008	REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO	60.000,00 €
OBRA 24/08, PRESTAMO BCL 9545776833 (2008), VIDEO VIXILANCIA AUDITORIO	REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO	10.000,00 €
OBRA 25/07, PRESTAMO BCL 9545776833 (2008), ACOND. PAVILLON BAMIO: VESTIARIOS, AUGA E ALCANT. ANUAL. 2008	REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO	76.800,00 €
OBRA 25/08, PRESTAMO BCL 9545776833 (2008), MURO CONTECION CAMIÑO NOVO EN ZAMAR	REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO	37.591,78 €
OBRA 33/04 REVISION PXOUM. PRÉSTAMO CAIXANOVA	PRÉSTAMO CAXANOVA	117.915,80 €
TOTAL		444.242,12 €

SEGUNDO: Aprobar inicialmente o expediente nº 1/2011 de crédito extraordinario financiado con baixas de créditos de gastos doutras aplicacións do orzamento vixente por importe de 300.900,00 euros para atender os gastos plurianuais derivados do seguinte Proxecto:

CRÉDITO EXTRAORDINARIO:

Nº OBRA	DENOMINACIÓN	Anualidade 2010	PARTIDA
022/08	BEIRARUAS MUNICIPIO: OS DURANS, O PIÑEIRIÑO,CAMILO JOSE CELA, CALLE AROUSA A XUNQUEIRA	300.900,00	453-61900
	TOTAL	300.900,00	

Os medios e recursos que han de financiar os aumentos que se propoñen ao amparo do disposto no artigo 174.4 do TRLFL 2/2004 son os seguintes:

Baixas de créditos de gastos das seguintes aplicacións do orzamento vixente:

BAIXAS DE CRÉDITOS:

1.- CORRESPONDENTES AOS PROXECTOS DE GASTO CON MODIFICACIÓN DA SÚA FINANCIACIÓN (CAMBIO DE FINALIDADE DO REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO):

DENOMINACIÓN PROXECTO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
OBRA 5/06 PRESTAMO BCL 9545776833 (2008), CARTOGRAFIA E INVENTARIO MUNICIPAL ANUALIDADE 2008	920-62900	80.000,00
OBRA 3/08 PRESTAMO BCL 9545776833 (2008), EQUIPOS E PROGRAMAS INFORMATICOS	927-62600	95,00
OBRA 4/08, PRESTAMO BCL 9545776833 (2008), COORDINACION INALAMBRICA SEFAFORICA J.CARLOS I E CAROLINAS	132-62300	13.689,14
OBRA 5/08, PRESTAMO BCL 9545776833 (2008), MOBILIARIO POLICIA	132-62500	1.550,67
OBRA 9/08, PRESTAMO BCL 9545776833 (2008), REGAS EN ROTONDAS	171-61900	4.000,00
OBRA 16/07, PRESTAMO BCL 9545776833 (2008), MELLORA REDES SANEAM.E ABAST.AUGA. ANUALIDADE 2008	161-61900	25.509,17
OBRA 17/08, PRESTAMO BCL 9545776833 (2008), MAQUINA LIMPIAPLAIAS	455-62300	17.090,56

OBRA 3/04, PRESTAMO BCL 9545776833 (2008), ACONDIC. BAIXOS AUDITORIO. ANUALIDADE 2008	334-62200	60.000,00
OBRA 24/08, PRESTAMO BCL 9545776833 (2008), VIDEO VIXILANCIA AUDITORIO	334-62300	10.000,00
OBRA 25/07, PRESTAMO BCL 9545776833 (2008), ACOND. PAVILLON BAMIO: VESTIARIOS, AUGA E ALCANT. ANUAL. 2008	341-62200	76.800,00
OBRA 25/08, PRESTAMO BCL 9545776833 (2008), MURO CONTECION CAMIÑO NOVO EN ZAMAR	453-60900	12.165,46
TOTAL		300.900,00

TERCEIRO: Aprobar inicialmente o expediente de suplemento de crédito nº 1/2011 por importe de 228.393,74 euros, en relación ás aplicacións orzamentarias e Proxectos que se relacionan a continuación:

SUPLEMENTO DE CRÉDITO:

Nº OBRA	DENOMINACIÓN	Anualidade 2010	PARTIDA
07/031/08	MELLORA REDE SANEAMENTO NOS CASCOS HISTORICOS AROUSA XXI	2.220,30	161-61900
02/031/08	HUMANIZACION CASCOS HISTORICOS VILAXOAN CARRIL AROUSA XXI	196.173,44	453-61900
09/031/08	NORMALIZACION MOBILIARIO E ILUMINACIÓN CASCOS HISTORICO AROUSA XXI	30.000,00	453-61900
	TOTAL	228.393,74	

Os medios e recursos que han de financiar os aumentos que se propoñen ao amparo do disposto no artigo 174.4 do TRLFL 2/2004 son os seguintes:

Baixas de créditos de gastos das seguintes aplicacións do orzamento vixente:

BAIXAS DE CRÉDITOS:

1.- CORRESPONDENTES AOS PROXECTOS DE GASTO CON MODIFICACIÓN DA SÚA FINANCIACIÓN (CAMBIO DE FINALIDADE DO REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO E PRÉSTAMO):

DENOMINACIÓN PROXECTO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
OBRA 33/04 REVISION PXOUM. PRÉSTAMO CAIXANOVA	159-62700	117.915,80
OBRA 25/08, PRESTAMO BCL 9545776833 (2008), MURO CONTECION CAMIÑO NOVO EN ZAMAR	453-60900	25.426,32

TOTAL	143.342,12
--------------	-------------------

2.- CORRESPONDENTES A OUTRAS APLICACIÓN ORZAMENTARIAS DO ORZAMENTO VIXENTE FINANCIADAS CON RECURSOS PROPIOS:

Aplicación	Importe
134-62500	600,00 €
171-62500	700,00 €
231-62500	5.000,00 €
234-62300	2.500,00 €
234-62500	2.000,00 €
234-62600	5.700,00 €
237-62300	300,00 €
237-62500	2.900,00 €
237-62600	1.200,00 €
323-62500	4.209,90 €
332-62300	1.000,00 €
453-62500	4.100,00 €
453-61900	11.200,00 €
453-62300	5.600,00 €
454-210	38.041,72 €
TOTAL	85.051,62 €

CUARTO: O financiamento dos expedientes de modificación de créditos procede de anulacións ou baixas de créditos doutras partidas do Orzamento vixente non comprometidas, das que a súa dotación se estima reducible sen perturbación do respectivo servizo.

O único proxecto de obra en fase compromiso era: OBRA 25/08, PRESTAMO BCL 9545776833 (2008), MURO CONTECION CAMIÑO NOVO EN ZAMAR. En Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2011 se acorda a resolución da adxudicación definitiva ao contratista, e a concesión du prazo de audiencia. A resolución se fará mediante acordo inter partes, ou ben, de non ser así, fundamentada na causa de resolución comprendida nos artigos 196 e 197 da LCAP, isto é resolución por demora no cumprimento dos prazos polo contratista.

QUINTO: Modificar o Anexo de Investimentos 2009, que deberá incorporar a seguinte distribución de financiamento nos novos proxectos que de seguido se indican:

Nº OBRA	DENOMINACIÓN	Anualidade 2010	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE	FINANCIAMENTO
022/08	BEIRARUAS MUNICIPIO: OS DURANS, O PIÑEIRIÑO, CAMILO JOSE CELA, CALLE AROUSA A XUNQUEIRA	300.900,00	453-61900	300.900,00	REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO (Procede de ptmo BCL nº 9545776833)

07/031/08	MELLORA REDE SANEAMENTO NOS CASCOS HISTORICOS AROUSA XXI	2.220,30	161-61900	2.220,30	REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO (Procede de ptmo BCL nº 9545776833)
02/031/08	HUMANIZACION CASCOS HISTORICOS VILAXOAN CARRIL AROUSA XXI	196.173,44	453-61900	78.257,64	PRÉSTAMO CAIXANOVA nº 0540037306 (CI Nº 41/09) RECURSOS PROPIOS
09/031/08	NORMALIZACION MOBILIARIO E ILUMINACIÓN CASCOS HISTORICO AROUSA XXI	30.000,00	453-61900	6.793,98	REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO (Procede de ptmo BCL nº 9545776833) RECURSOS PROPIOS
TOTAL		529.293,74		529.293,74	

SEXTO: Expoñer ao público os seguintes expedientes : nº 1/2011 de modificación de finalidades do Remanente de Tesourería afectado e do préstamo de Caixanova nº 0540037306 (CI nº 41/09), coa conseguinte modificación do Anexo de Investimentos 2009; Expedientes nº 1/2011 de créditos extraordinarios e nº 1/2011 de suplementos de crédito, financiados con baixas de créditos de gastos doutras aplicacións do orzamento vixente, no BOP, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. Os expedientes se considerarán definitivamente aprobados se durante o citado prazo non se houberen presentado reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

SÉTIMO: Unha vez aprobado definitivamente os expedientes nº 1/2011 de modificación de finalidades do Remanente de Tesourería afectado e do préstamo de Caixanova nº 0540037306 (CI nº 41/09), coa conseguinte modificación do Anexo de Investimentos 2009, e expedientes nº 1/2011 de créditos extraordinarios e nº 1/2011 de suplementos de crédito, financiados con baixas de créditos de gastos doutras aplicacións do orzamento vixente, serán inseridos e resumidos por capítulos no BOP. Así mesmo, se remitirá copia do expediente á Administración do Estado e a da correspondente CCAA simultaneamente ao envío do BOP.

8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE BAIXAS POR ANULACIÓN NO ORZAMENTO PRORROGADO.- Pola Sra. Secretaria dáse lectura ó dictame emitido pola Comisión Informativa de Xestión Económica-RR.HH e Especial de Contas, en sesión celebrada o día 22 de febreiro de 2011, do seguinte teor:

Dáse conta da Proposta da Alcaldía, do teor literal seguinte:

Visto o expediente de modificación de créditos núm. 1/ BA/ 2011, na súa modalidade de baixa por anulación, con obxecto de financiar o 70% do Remanente de Tesourería negativo que, segundo o Informe da Interventora CV-425/2010 de asunto “Liquidación do orzamento municipal correspondente ao exercicio económico de 2009” ascende á contía global de 1.179.362,43 euros. O 66,67% ascende á contía de **787.426,62 euros**.

De acordo co disposto nos artigos 49, 50 e 51 do RD 500/1990, de 20 de abril, e atendido o Informe da Interventora, Ref. CV-37/2011, de data 7 de febreiro de 2011, esta Alcaldía-Presidencia propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º. Aprobar o expediente de modificación de créditos núm. 1/BA/2011, na súa modalidade de baixa por anulación, con obxecto de financiar o 66,67 % do Remanente de Tesourería negativo que se desprende da Liquidación do exercicio 2009 por importe de **787.426,62 euros**, previa minoración dos gastos de persoal ao abeiro do RD 8/2010, nas aplicacións orzamentarias e polos importes que se expoñen a continuación:

Aplicación orzamentaria	Descrición	Importe € a minorar				
132-213	SEGURIDADE-MAQUIN., INSTAL. E FERRAMENTA	5.000,00				
132-22000	SEGURIDADE-MATERIAL OFICINA	4.000,00				
132-22103	SEGURIDADE- COMBUSTIBLES E CARBURANTES	3.000,00				
132-22199	SEGURIDADE-OUTROS SUBMINISTROS	1.000,00				
132-22601	SEGURIDADE- ATENCIÓNS PROTOCOLARIAS	1.000,00				
132-22706	SEGURIDADE-ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS	1.000,00				
134-213	PROTE. CIVIL-MAQUIN., INSTA.. E FERRAMENTAS	2.000,00				
134-214	PROTE. CIVIL-REPAR. MATERIAL DE TRANSPORTE	3.000,00				
134-22000	PROTE. CIVIL-MATERIAL OFICINA	500,00				
134-22103	PROTE. CIVIL- COMBUSTIBLES E CARBURANTES	3.000,00				
134-22199	PROTE. CIVIL-OUTROS SUBMINISTROS	3.500,00				
151-22000	XERENCIA URB.- MATERIAL OFICINA	3.000,00				
151-22602	XERENCIA URB.- PUBLICIDADE E PROPAGANDA	1.000,00				
151-22706	XERENCIA URB.- ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS	1.000,00				
156-22000	XESTIÓN TERRITORIO- MATERIAL OFICINA	600,00				
156-22602	XESTIÓN TERRITORIO- PUBLICIDADE E PROPAGANDA	1.000,00				
156-22644	XESTIÓN TERRITORIO- ACTIV. XESTIÓN TERRITORIO	2.400,00				



156-22699	XESTIÓN TERRITORIO- OUTROS GASTOS DIVERSOS	1.000,00					
156-22706	XESTIÓN TERRITORIO- ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS	2.000,00					
156-22719	XESTIÓN TERRITORIO- TRABALLOS REALIZ. POR TERCEIROS	13.000,00					
159-22602	PROG. URBANISMO- PUBLICIDADE E PROPAGANDA	3.100,00					
159-22706	PROG. URBANISMO- ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS	17.943,18					
161-213	SANEA., AUGA-MAQUIN., INSTAL. E FERRAMENTA	10.000,00					
164-212	CEMITERIOS-EDIF. E OUTRAS CONST.	2.000,00					
164-213	CEMITERIOS-MAQUIN., INSTAL. E FERRAMENTA	1.000,00					
164-22110	CEMITERIOS- PRODUCTOS DE LIMPEZA E ASEO	600,00					
164-22199	CEMITERIOS-OUTROS SUBMINISTROS	500,00					
165-213	ALUMADO PÚBLICO- MAQUIN., INSTAL. E FERRAMENTA	5.000,00					
165-214	ALUMADO PÚBLICO- REPAR. MATERIAL DE TRANSPORTE	5.000,00					
165-23120	ALUMADO PÚBLICO- LOCOMOCIÓN DO PERSOAL	900,00					
171-210	XARDÍNS-INSFRASTRUC. E BENS NATURAIS	5.000,00					
171-22000	XARDÍNS-MATERIAL DE OFICINA	500,00					
172-210	MEDIO AMBIENTE- INFRASTRUCTURA E BENS NATUR.	3.000,00					
172-213	MEDIO AMBIENTE- MAQUIN., INSTAL. E FERRAMENTA	3.000,00					
172-22199	MEDIO AMBIENTE- OUTROS SUBMINISTROS	1.000,00					
172-22610	MEDIO AMBIENTE-ACTIV. MEDIO AMBIENTE	3.000,00					
234-202	SPAD-ARREND. EDIF. E OUTRAS CONSTRUCC.	25.100,00					
235-22000	MULLER-MATERIAL DE OFICINA	1.000,00					
235-22604	MULLER-XURÍDICOS	2.000,00					
235-22615	MULLER-ACTIV. FORMACIÓN MULLER	3.000,00					
235-22699	MULLER-OUTROS GASTOS DIVERSOS	1.000,00					
235-22706	MULLER-ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS	1.000,00					
313-212	ACCIÓN PÚB. SAÚDE- EDIF. E OUTRAS CONST.	1.000,00					
313-22709	ACCIÓN PÚB. SAÚDE- DESRRATIZACIÓN, ETC.	3.000,00					
323-210	PROM. EDUCATIVA-	1.000,00					



	INFRASTRUCTURA E BENS NATUR.						
323-212	PROM. EDUCATIVA-EDIF. E OUTRAS CONSTRUCC.	5.000,00					
323-213	PROM. EDUCATIVA- MAQUIN., INSTAL. E FERRAMENTA	2.000,00					
323-214	PROM. EDUCATIVA- REPAR. MANTTO. MAT. TRANSPORTE	500,00					
323-22103	PROM EDUCATIVA- COMBUSTIBLES E CARBURANTES	1.000,00					
323-22627	PROM. EDUCATIVA- PROGRAMAS EDUCACIONAIS	1.000,00					
323-22699	PROM. EDUCATIVA- OUTROS GASTOS DIVERSOS	1.500,00					
325-22001	CONSERVATORIO-MAT. INFORMÁT. NON INVENT.	2.000,00					
325-22602	CONSERVATORIO- PUBLICIDADE E PROPAGANDA	1.000,00					
325-22699	CONSERVATORIO- OUTROS GASTOS DIVERSOS	1.000,00					
332-22000	BIBLIOTECAS-MATERIAL DE OFICINA	1.000,00					
332-22699	BIBLIOTECAS-OUTROS GASTOS DIVERSOS	1.500,00					
334-212	CULTURA-EDIF. E OUTRAS CONSTRUCCIÓNS	20.000,00					
334-22000	CULTURA-MATERIAL DE OFICINA	5.000,00					
334-22001	CULTURA-PRENSA, REVISTAS, LIBROS, ETC.	1.500,00					
334-22103	CULTURA- COMBUSTIBLES E CARBURANTES	2.000,00					
334-22199	CULTURA-OUTROS SUBMINSTROS	3.000,00					
334-22699	CULTURA-OUTROS GASTOS DIVERSOS	2.000,00					
341-22602	DEPORTES- PUBLICIDADE E PROPAGANDA	5.000,00					
341-410	DEPORTES-TRANSF FUNDACION DEPORTES	166.420,66					
453-23120	ESTRADAS- LOCOMOCIÓN PERSOAL	1.000,00					
454-210	CAMIÑOS-REPAR. INFRA. E BENS NAT.	2.000,00					
454-213	CAMIÑOS-REPAR. MAQUINARIA	2.000,00					
454-214	CAMIÑOS-REPAR. MAT. TRANSPORTE	2.000,00					
454-22199	CAMIÑOS-OUTROS SUBMINISTROS	1.500,00					
455-22706	PRAIAS-ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS	1.500,00					
493-22000	OFIC. CONSUMO-MAT. OFICINA	300,00					
493-22001	OFIC. CONSUMO- PRENSA, REVISTAS,	100,00					



	LIBROS, ETC.						
493-22002	OFIC. CONSUMO- MATERIAL INFORMÁTICO NON INVENT.	300,00					
493-22199	OFIC. CONSUMO- OUTROS SUBMINISTROS	200,00					
493-22623	OFIC. CONSUMO- ACTIVIDADES SOBRE CONSUMO	2.000,00					
493-22699	OFIC. CONSUMO- OUTROS GASTOS DIVERSOS	100,00					
912-22000	ÓRG. GOBERNO- MATERIAL DE OFICINA	2.000,00					
912-22001	ÓRG. GOBERNO- PRENSA, REVISTAS, ETC.	1.000,00					
912-224	ÓRG. GOBERNO-PRIMAS SEGUROS	525,00					
912-22602	ÓRG. GOBERNO- PUBLICIDADE E PROPAGANDA	2.000,00					
912-22699	ÓRG. GOBERNO- OUTROS GASTOS DIVERSOS	2.000,00					
913-22001	ÁREA COMUNIC. SOCIAL- PRENSA, REVISTAS, LIBROS	500,00					
913-22602	ÁREA COMUNIC. SOCIAL- PUBLICIDADE E PROPAGANDA	2.393,00					
913-22641	ÁREA COMUNIC. SOCIAL- COMUNIC. E IMAXE INSTITUC.	33.000,00					
913-23120	ÁREA COMUNIC. SOCIAL- LOCOMOCIÓN DO PERSOAL	107,00					
920-203	ADMÓN. XERAL-ARREND. MAQUIN., INSTAL, E FERRAMENTA	1.000,00					
920-212	ADMÓN. XERAL-REPAR. EDIF. E OUTRAS CONSTRUCC.	1.000,00					
920-213	ADMÓN. XERAL-REPAR. MAQUIN., INSTAL. E FERRAMENTA	3.000,00					
920-22000	ADMÓN. XERAL- MATERIAL OFICINA	3.000,00					
920-22103	ADMÓN. XERAL- COMBUSTIBLES E CARBURANTES	1.000,00					
920-22602	ADMÓN. XERAL- PUBLICIDADE E PROPAGANDA	3.000,00					
920-22604	ADMÓN. XERAL- XURÍDICAS E CONTENCIOSOS	1.000,00					
920-22639	ADMÓN. XERAL- ARQUIVO HISTÓRICO MUNICIPAL	1.000,00					
920-22705	ADMÓN. XERAL- PROCESOS ELECTORAIS	1.000,00					
920-23120	ADMÓN. XERAL- LOCOMOCIÓN DO PERSOAL	1.000,00					
920-233	ADMÓN. XERAL-OUTRAS INDEMNIZACIÓNS	2.000,00					



927-216	INFORMÁTICA-REP. EQUIPOS PROC.INFORM.	1.000,00					
927-22001	INFORMÁTICA-PRENSA, REVISTA, LIBROS	1.000,00					
927-22002	INFORMATICA-MATERIAL INFORMÁTICO	2.000,00					
927-22699	INFORMATICA-OUTROS GASTOS DIVERSOS	1.000,00					
931-22000	POLÍT. ECO. E FISCAL-MATERIAL DE OFICINA	2.000,00					
931-22001	POLÍT. ECO. E FISCAL-PRENSA, REVISTAS, LIBROS	1.000,00					
931-22199	POLÍT. ECO. E FISCAL-OUTROS SUBMINISTROS	500,00					
931-22699	POLÍT. ECO. E FISCAL-OUTROS GASTOS DIVERSOS	300,00					
935-216	RECADACIÓN-REPAR. MANTTO. EQUIP. PROC. INFORMACIÓN	500,00					
935-22000	RECADACIÓN-MATERIAL DE OFICINA	2.000,00					
935-22001	RECADACIÓN-PRENSA, REVISTAS, LIBROS E OUTRAS	500,00					
935-22199	RECADACIÓN-OUTROS SUBMINISTROS	500,00					
	TOTAL	460.888,86					
	FUNCIONARIOS		120 TOTAL BÁSICAS FUNCIONA R.	150 PRODUCT. FUNCIONA R.	130 TOTAL BÁSIC.- COMPLEM. LABORAIS	121 TOTAL COMPLEM.	129 GRATIFIC. FUNCIONA R.- LABORAIS
132			25.991,92			32.738,22	1.683,06
134			544,32			938,20	62,34
151			11.505,26			12.196,12	467,52
164			112,36			857,14	93,50
165			351,88			2.685,14	218,18
171			951,08			6.758,26	716,86
172			696,54			4.328,00	374,02
231			6.338,10			4.346,42	218,18
235			79,56			580,30	31,16
237			159,12			1.160,60	62,34
241			506,86			655,58	31,16
323			998,38			4.326,14	405,20
332			1.320,02			2.598,22	187,00
334			1.594,96			5.734,76	436,36
341				898,80		199,78	
422							



			79,56			399,66	31,16
434			191,90			1.428,16	124,68
453			1.202,86			8.103,32	685,70
493			506,86			655,58	31,16
912			159,12			1.160,60	62,34
913			2.464,86			2.069,40	93,50
920			10.663,60			18.955,56	935,04
927			2.558,56			2.915,18	124,68
931			11.933,56			18.081,72	685,70
935			1.588,54			1.502,56	62,34
	TOTAL		82.499,78	898,80		135.374,62	7.823,18
	LABORAIS				130		129
134					5.105,02		405,08
234					25.264,24		376,08
235					14.208,68		155,84
241					2.892,44		31,16
325					5.456,42		93,48
326					16.034,14		241,06
332					873,30		66,48
334					327,48		
341					14.572,40		436,30
432					2.929,62		155,80
453					50,74		
920					95,54		
935					1.631,66		
	TOTAL				89.441,68		1.961,28
	EVENTUAL		110				
151			3.505,62				
912			2.534,46				
	TOTAL		6.040,08				
	RESUMO	110	120	150	130	121	129
	TOTAL FUNCIONARIOS			898,80			

			82.499,78			135.374,62	7.823,18
	TOTAL LABORAIS				89.441,68		1.961,28
	TOTAL EVENTUAL	6.040,08					
		6.040,08	83.300,54	898,80	89.441,68	137.072,22	9.784,46
	TOTAL XERAL						
							326.537,78
TOTAL XERAL	787.426,62						

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As/os representantes dos grupos políticos municipais de P.S.de G-PSOE e B.N.G., informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos políticos municipais de PP, EU-IU e IVIL, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente o expediente de modificación de créditos nº 1/BA/2011, na súa modalidade de baixa por anulación, co obxecto de financiar o 66,67% do Remanente de Tesourería negativo da liquidación de 2009, por importe de 787.426,62 €.

- Intervén o Sr. Alcalde en Funcións dicindo que hai un erro na proposta inicial, dado que se incluíu "Acción social-actividades acción social, cun importe de 38.127,08 €. Unha vez subsanado o erro a cantidade a financiar é do 66,67 €, por importe de 787.426,62 €.

Faise unha aplicación onde se prima a opinión técnica da Interventora, e o Grupo de Goberno reduce o orzamento en base ao mandato legal. Hai niveis de eficiencia de case o 100% no tema da Recadación. A realidade é esa, hai liquidacións negativas e redúcese ó 66,67%, cando se someta o orzamento de 2011 vai a integrar isto.

- Intervén o Sr. Fole Diaz preguntando se o orzamento vai a estar en marzo de 2011.

Pregunta se pretende que o crean, pero oxalá. Isto é unha imposición legal, dende fai anos, había que facer isto. Hai un remanente negativo e procede facelo si ou si. O PP fixo propostas no principio do Goberno no 2007, facendo un estudo a fondo do Capítulo 2 de gastos correntes, aquí hai unha redución de gasto corrente, quítase pouco de protocolo, gastos correntes da FPSDM. Podían aforrar moito pero non chega ao 100%, é unha evidencia pois é a primeira vez que pasa, pero hai que facelo, é legal. Nunca se fixo, é un inicio, quítase un pouco de lastre. Como primeiro paso é positivo, a proposta é escasa e por coherencia facilitarán a aprobación do asunto.

- Intervén o Sr. Fajardo Recouso dicindo que esta proposta é por imperativo legal e parte dunha norma de recorte de gasto, e non van a aprobar algo que non comparten. Esta mañá corrixiuse o erro en acción social. O PP está a ir onde faga falta para o recorte do gasto, en educación, sanidade, etc., e esa sería a proposta do PP para os Concellos, recortará seguramente en servizos sociais.

Aznar nas FAES propuxo a reforma laboral, potenciar as nucleares, reducir competencias ás autonomías, recorte de gasto público, e todo iso o está a facer o PSOE.

- Intervén o Sr. Rivera Mallo dicindo que celebra iniciar o debate sobre estes temas e agradece e felicita á Sra. Interventora pois desde que chegou está sacando moitos temas atrasados e resalta a súa competencia e eficacia e a atención con que trata ós concelleiros. Recortase o gasto da Corporación e non se recortou en anos anteriores, pero interpreta que hai unha historia negativa e procedería un plan financeiro de reequilibrio a un prazo de tres anos. É algo que quere que conste, e o documento é un paso tímido e o apoia.

- Intervén o Sr. Alcalde en Funcións dicindo que dende o discurso dos grupos da oposición é lóxico que se faga a crítica. Pero hai que abordar o financiamento da Administración Local, por que non se poden presentar os mesmos servizos aos cidadáns con menos recursos. Iso está aí e por parte dos gobernos deben tomarse medidas.

Sometido a votación da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con dez votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (6), BNG (3) e IVIL (1) e dez abstencións, pertencentes ós membros dos grupos políticos municipais do PP (7) e EU-IU (3),

Repetida a votación da o mesmo resultado, polo que co voto de calidade do Sr. Alcalde

ACÓRDASE: Por maioría aprobar o expediente de modificación de créditos núm. 1/BA/2011, na súa modalidade de baixa por anulación, con obxecto de financiar o 66,77% do Remanente de Tesourería negativo que se desprende da Liquidación do exercicio 2009 por importe de **787.426,62 euros**, previa minoración dos gastos de persoal ao abeiro do RD 8/2010, nas aplicacións orzamentarias e polos importes que se expoñen na proposta da Alcaldía.

- Sendo as 20:00 h suspéndese a sesión plenaria para un descanso, proseguindo ás 20:15 h.

9.- ESTIMACIÓN, SE PROCEDE, DOS RECURSOS DE REPOSICIÓN INTERPOSTOS POLA EMPRESA ESPINA & DELFÍN, S.L. CONTRA OS ACORDOS PLENARIOS DE DATA 25 DE NOVIEMBRE DE 2010 E A CONSEGUINTE APROBACIÓN DAS TARIFAS PARA O ANO 2011..- Pola Sra. Secretaria dáse lectura ó ditame emitido pola Comisión Informativa de Xestión Económica-RR.HH. e Especial de Contas, en sesión celebrada o día 22 de febreiro de 2011, do seguinte teor:

Dáse conta do informe da Tesourería Municipal en relación co recurso presentado pola Empresa Espina & Delfín, S.L., do teor seguinte:

ASUNTO: RECURSO CONTRA OS ACORDOS DO PLENO MUNICIPAL EN SESIÓN CELEBRADA O 25/11/2010 EN VIRTUDE DOS CAIS NON SE INCREMENTAN AS TARIFAS PARA O ANO 2011 DAS ORDENANZAS FISCAIS Nº 15 REGULADORA DA TAXA POR SUBMINISTRO DE AUGA POTABLE ASÍ COMO DAS ACOMETIDAS ,CONTADORES E OUTROS; E Nº 26 REGULADORA DA TAXA POR DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS.

ANTECEDENTES:

l.- Por escrito de data 4/01/2011 (RE Nº 140, de data 5/01/2011) D. AMADOR MOSQUERA LISTE E/N ESPINA & DELFÍN SL, empresa concesionaria dos servizos municipais de

abastecemento de auga potable e da depuración de augas residuais, interpón recurso de reposición contra os acordos do Pleno en sesión celebrada o 25/11/2010 desestimatorios da súa solicitude de incrementos para o ano 2011 das tarifas contidas nas Ordenanzas Fiscais (OF) nº 15 reguladora da Taxa por Subministro de Auga Potable (así como das acometidas, contadores e outros); e nº 26 reguladora da Taxa de Depuración de Augas Residuais.

Os acordos plenarios desestimatorios da solicitude efectuada pola empresa concesionaria foron notificados o 9/12/2010 facultando para a interposición do recurso de reposición ante o Pleno da Corporación Municipal no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ó recibo dos mesmos, recurso que foi interposto o 5/01/2011 no prazo habilitado ao efecto (ART. 117 Lei 30/1992 RXAP e PAC).

Fundamenta o recurso nas alegacións contidas no citado escrito e que sucintamente se reproducen:

“ ...

1º Espina & Delfín SL foi adjudicataria dos contratos de concesión administrativa para a xestión dos servizos municipais de subministro de auga e da depuración das augas residuais conforme o contido nos correspondentes contratos asinados entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e a mercantil. A revisión das tarifas contidas nas O F nº 15 e 26 contéplase nos Pregos que rexiron a licitación polo que, conforme o anterior, a mercantil solicitou para o 2011 a revisión, con arreglo o IPC, das citadas tarifas:

a.- 2'5% de incremento sobre as tarifas en vigor no 2010 correspondentes á prestación do servizo de abastecemento de auga (conforme o cadro de incrementos presentado no concurso de adjudicación do servizo, á actualización das tarifas na porcentaxe do IPC interanual xullo/2008-xullo/2010 e, finalmente, pola amortización das novas obras de inversión do ano 2004 que ascenderon a 317.795'00 €)-

b.- 1'68% de incremento sobre as tarifas en vigor no 2010 correspondentes á prestación do servizo de depuración de augas residuais (incremento do IPC interanual de xullo/2008 a xullo/2010, repercusión da amortización das obras de inversión realizadas ata o 2005 para a correcta prestación do servizo e repercusión do custo do tratamento dos fangos dos anos 2004 e 2005 e a súa actualización co IPC acumulado de xullo/2005 a xullo/2010).

2º Que Espina & Delfín SL ven prestando ata a data ambos servizos municipais na súa condición de concesionario de maneira continua e satisfactoria asumindo os incrementos dos custes provocados pola alza xeral do IPC polo que resulta manifesto a necesidade de proceder ao incremento das referidas tarifas conforme ao exposto para manter o equilibrio económico fronte a alteración que supón a subida do IPC.

...”.

En base ao exposto solicita a aprobación das modificacións das tarifas de ambos tributos para o 2011 como se tiña solicitado no seu día.

FUNDAMENTOS DE DEREITO: INCREMENTO DAS TARIFAS DA OF Nº 15 DAS ACOMETIDAS CONTADORE E OUTROS; E DAS TARIFAS DA OF Nº 26

O Concello de Vilagarcía de Arousa e a empresa Espina & Delfín SI teñen asinados os seguintes contratos: - contrato de data 21/12/1992 para a prestación do servizo de abastecemento de auga potable asinado de conformidade coa normativa vixente no seu día (art. 14 do Decreto 923/1965, de 8 de abril, polo que se aproba o texto articulado da Lei de Bases de Contratos do Estado); - contrato de data 24/04/1997 para a prestación do servizo de depuración de augas residuais asinado de conformidade coa normativa vixente no seu día (art. 50.1 e 5 da Lei 13/1995, de 18 de maio, de Contratos das Administracións Públicas).

En base ós mesmos a mercantil resulta concesionaria para a prestación dos citados servizos municipais.

Conforme a Lei 30/2007 CSP os contratos axustaranse o contido nos pregos particulares cuíñas cláusulas consideraranse parte integrante dos respectivos contratos. O mesmo artigo no seu apartado 1º establece que "... os pregos de cláusulas administrativas particulares incluírán os pactos e condicións definidoras dos dereitos e obrigas que asumirán as partes do contrato".

Consecuentemente o Pleno, como órgano de contratación mediante a aprobación dos pregos que rixen ambos contratos estableceu como dereito do contratista a actualización das tarifas segundo o IPC e, no seu caso, da amortización das obras de inversión.

De conformidade co sistema de fontes imperante na materia (art. 7 Lei 13/1995 e art. 4 do Decreto 923/1965, hoxe Lei 30/2007 CAP) en ningún caso as actualizacións propostas en base ao dereito recoñecido ao contratista nos referidos pregos poderán ser contrarios á lexislación imperante básica ou sectorial.

Isto nos remite, dada a natureza da materia ao RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. En efecto:

- 1) O art. 24.2 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (LRFL) establece que: "...o importe das taxas pola prestación dun servizo ou pola realización dunha actividade non poderá exceder, no seu conxunto, o custo real ou previsible do servizo ou actividade de que se trate ou, no seu defecto, do valor da prestación recibida.....".
- 2) Pola súa parte o art. 25 da LRFL dispón que: "Os acordos de establecemento de taxas pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público, ou para financiar total ou parcialmente os novos servizos, deberán adoptarse á vista de informes técnico-económicos nos que se poña de manifesto o valor de mercado ou a previsible cobertura do custo de aquéles, respectivamente".

A) INCREMENTO DAS TARIFAS DA OF N° 15 (ACOMETIDAS, CONTADORES E OUTROS): A empresa concesionaria solicitou o incremento das tarifas de auga (acometidas, contadores e outros) e de depuración de augas residuais actualmente en vigor para o ano 2011, conforme ó cadro de incrementos presentado no concurso de adxudicación do servizo, máis a actualización das tarifas na porcentaxe correspondente o IPC interanual de xullo a xullo (na presente proposta de xullo/2008 a xullo/2010) con efectos para o 2011. Finalmente, sumaráselle ós prezos por m³ así calculados a cantidade de 0,007958 €/m³ e a de 0,036563 na cuota fixa mensual de servizo para amortizar as novas obras de inversión (do ano 2004), que ascenden a 317.795,00 €. O resultado final será as tarifas para o 2011.

As modificacións propostas pola empresa concesionaria do servizo de subministro de auga potable, Espina & Delfín sl, a través dun informe económico-técnico, supón unicamente un incremento das tarifas a abonar polos usuarios do servizo en base á evolución sufrida polo IPC nos períodos interanuais xullo 2008 a xullo 2010 máis a repercusión da amortización do inmovilizado, de conformidade cos acordos plenarios adoptados neste senso, polo que pode chegarse á conclusión cos incrementos propostos son razoables e necesarios para garantir o mantemento e desenvolvemento do servizo, de conformidade co disposto no parágrafo segundo do art. 24.2 do mencionado RDL 2/2004.

No Estudo Económico Financeiro de data 21/10/2010, que obra no expediente de modificación das tarifas do subministro de auga e acometidas, contadores e outros para o 2011 (Pleno do 25/11/2010), infórmase favorablemente a proposta contida no estudo económico da empresa concesionaria dada a súa adecuación ao cadro da amortizacións, ao IPC interanual de xullo a xullo de cada ano, así como ás cantidades de incremento para a amortización das obras do ano 2004.

B) INCREMENTO DAS TARIFAS DA OF N° 26: As modificacións propostas pola empresa concesionaria do servizo de depuración de augas residuais supón unicamente un incremento das tarifas a abonar polos usuarios do servizo en base á evolución sufrida polo IPC nos períodos interanuais xullo 2008 a xullo 2010 máis a repercusión da amortización do inmovilizado e o aumento do custo do tratamento dos fangos, de conformidade co acordo plenario adoptado neste senso (do 27/10/2005), polo que pode chegarse á conclusión cos incrementos propostos son razoables e necesarios para garantir o mantemento e desenvolvemento do servizo, tal e como se contén no Estudo Económico Financeiro de data 21/10/2010, que obra no expediente e no que se informa favorablemente a modificación das tarifas da OF N° 26 para o 2011 (Pleno do 25/11/2010).

CONCLUSIÓNS:

En base o exposto procedería estimar o recurso interposto pola empresa concesionaria dos servizos municipais contra a desestimación por acordos do Pleno da Corporación en sesión celebrada o 25/11/2010 de incremento de tarifas para o ano 2011 contidas nas OF n° 15 (así como das acometidas, contadores e outros) e n° 26, posto que, segundo o indicado, existen acordos plenarios e contratos asinados entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e a empresa concesionaria vinculantes respecto a ditos incrementos.

Achégase copia dos Estudos Económico - Financeiros incorporados ós expedientes de modificacións de tarifas propostos para o pleno do 25/11/2010.

- Polos representantes do grupo político municipal de EU-IU solicítase copia do contrato da concesión do servizo municipal de augas.

Non habendo máis intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As/os representantes dos grupos políticos municipais de P.S.de G-PSOE e B.N.G., informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos políticos municipais de PP, EU-IU e IVIL, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a estimación do recurso interposto pola empresa Espina & Delfín e o incremento das tarifas para o ano 2011 contempladas na Ordenanza Fiscal n° 15 e 16.

- Intervén o Sr. Alcalde en Funcións dicindo que o Pleno rexeitou as tarifas de Espina y Delfín de auga e saneamento. Hai un informe favorable da Tesourería Municipal no sentido de que procede estimar os recursos.

- Intervén o Sr. Fajardo Recouso dicindo que o Grupo Municipal de EU-IU opúxose ao incremento e á vista do contrato van a votar en contra dos recursos. No expediente non queda claro como se aplica o incremento das taxas. Hai un contrato onde se fala de parámetros de IPC, incrementos salariais, etc., e non só iso, e non ven que teña que haber unha periodicidade nas tarifas, supoñendo que iso tivera que ser así, no IPC, debería aplicarse o IPC negativo e logo o positivo, e o sistema actual prexudica aos veciños.

Non queda xustificado o incremento do IPC e hai un trato discriminatorio para os veciños, hai que cumprir o contrato e a concesionaria non cumpre, pois no contrato a responsabilidade da auga do consumo é da concesionaria e en maio vai a volver a microcistina. A calidade da auga non está controlada. Que cumpra o contrato e logo paguemos. EU-IU non está de acordo, cando cumpra coa calidade da auga paguemos e que se devolva aos veciños o IPC negativo.

A información das canalizacións non a fan, e non entregan os informes da insalubridade. Solo un parámetro ten que ver co IPC. Quedan 25 anos de contrato e non están cumprindo co mesmo.

- Intervén o Sr. Alcalde en Funcións dicindo que visto o recurso da Empresa, de hoxe haber unha desestimación pasará a un contencioso.

- Intervén o Sr. Rivera Mallo dicindo que se ratifica na súa intervención do 25 de novembro de 2010, e no Pleno de novembro dicía que non se podía constatar se cumprían co custo do servizo no informe de Intervención e Tesourería, e representa un obstáculo de carácter legal e dada a situación económica das familias oponse á subida.

Propoñía negociar a renuncia ao incremento no 2011 e se non fora posible que no Orzamento se consigne cantidade con cargo aos recursos municipais.

- Intervén o Sr. Fole Díaz dicindo que o PP vai a retroceder aos períodos anuais onde se debatían estes asuntos. Este tema pode acabar en un contencioso e queren deixar clara a súa oposición a unhas obras e ante o recurso vanse a abster.

Sometido a votación da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con nove votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (6) e BNG (3), sete abstencións, pertencentes ós membros do grupo político municipal do PP (7), e catro votos en contra, pertencentes ós membros dos grupos políticos municipais de EU-IU (3) e IVIL (1),

ACÓRDASE: Por maioría,

Primeiro: Estimar o recurso interposto pola empresa Espina & Delfín e aprobar provisionalmente:

- A Modificación do Artigo 9 da Ordenanza Fiscal nº 15 Reguladora da Taxa por Subministro de Auga Potable a Domicilio, así como o cadro de prezos privados das acometidas, contadores e outros. A Modificación das tarifas do artigo 9 comporta un incremento global do 2,5% das tarifas actualmente in vigor.

- A modificación do artigo 5 da Ordenanza Fiscal nº 26, Reguladora da Taxa de Depuración de Augas Residuais para o ano 2011, que comporta un incremento global das tarifas actualmente en vigor na porcentaxe de 1,68%.

Segundo: Expoñer ó público dito acordo mediante anuncio no taboleiro de edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia, durante un prazo de trinta días hábiles, para a presentación de reclamacións e suxerencias polos interesados, en cumprimento do artigo 49 da Lei 7/85 de bases de réxime local, e o RD.2/2004.

Terceiro: No caso de non se producir reclamacións durante o prazo sinalado, entenderase aprobada definitivamente a ordenanza sen necesidade de novo acordo, conforme ao artigo 49 da Lei 7/85 e o RD.2/2004, sendo obxecto de publicación no BOP o texto definitivo, non entrando en vigor ata dita data.

10.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA SOLICITUDE DE DONA PATRICIA GARCÍA MARÍA, DE CONCESIÓN DE COMPATIBILIDADE..- Pola Sra. Secretaria dáse lectura ó ditame

emitido pola Comisión Informativa de Xestión Económica-RR.HH. e Especial de Contas, en sesión celebrada o día 22 de febreiro de 2011, do seguinte teor:

Dáse conta do escrito presentado por Dona Patricia García María coa data de 27 de xaneiro de 2011, no que solicita se lle conceda a compatibilidade entre o seu posto de traballo na corporación local e a actividade empresarial de comercio polo miúdo de produtos téxtiles.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As/os representantes dos grupos políticos municipais de P.S.de G-PSOE e B.N.G., informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos políticos municipais de PP, EU-IU e IVIL, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a petición de compatibilidade de Dona Patricia García María.

Sometido a votación da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos Concelleiros presentes no Pleno (20) de (21),

ACÓRDASE: Conceder a Dona Patricia García María a compatibilidade solicitada.

11.- EXAME DAS RECLAMACIÓNS PRESENTADAS CONTRA O ACORDO ADOPTADO POLO PLENO DA CORPORACIÓN EN SESIÓN CELEBRADA O DÍA 30 DE DECEMBRO DE 2010, SOBRE MODIFICACIÓN DO CADRO DE PERSOAL E ANEXO DE POSTOS DE TRABALLO, E ACORDOS A ADOPTAR..- Pola Sra. Secretaria dáse lectura ó ditame emitido pola Comisión Informativa de Xestión Económica-RR.HH. e Especial de Contas, en sesión celebrada o día 22 de febreiro de 2011, do seguinte teor:

Dáse conta da proposta da Alcaldía do teor literal seguinte:

O Pleno da Corporación municipal en sesión celebrada o día 30 de decembro de 2010 aprobou inicialmente a modificación da plantilla do concello e o anexo de postos de traballo.

O devandito acordo foi exposto a información pública polo prazo de 15 días mediante o correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de data 21 de xaneiro de 2011.

Durante o período de exposición ao público presentáronse alegacións contra o devandito acordo por parte de:

- *Federación de Servicios Públicos da UGT en Pontevedra.*
- *Rosa Otero Piñeiro*
- *Silvia Fernández Saínza*
- *Manuel Martínez Romero*
- *Paula Rial Dieste*
- *Montse Martínez Campos*
- *Alberto Doval González*

Con relación ás citadas reclamacións foi emitido o correspondente informe xurídico e á súa vista, propónse ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Desestimar as reclamacións presentadas por parte de: Federación de Servicios Públicos da UGT en Pontevedra.- Rosa Otero Piñeiro.- Silvia Fernández Saínza.-Manuel Martínez Romero.- Paula Rial Dieste.- Montse Martínez Campos e Alberto Doval González, en base ao recollido no citado informe xurídico.

Segundo: Corrixir o erro material na denominación do posto que ocupa a empregada Rosa Otero Piñeiro que debe manter a denominación que xa tiña nos precedentes anexos de postos como Xefa de Sección.

Terceiro: Ratificar o acordo plenario de data 30 de decembro de 2010 relativo á modificación da plantilla e anexo de postos de traballo en tódolos seus apartados.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As/os representantes dos grupos políticos municipais de P.S.de G-PSOE e B.N.G., informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos políticos municipais de PP, EU-IU e IVIL, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a proposta da Alcaldía sobre desestimación das reclamacións presentadas contra o acordo de 30 de decembro de 2010 relativas á modificación do cadro de persoal e anexo de postos de traballo nos seus propios termos.

- Dáse conta do informe xurídico do seguinte teor literal:

INFORME NEGOCIADO DE PERSOAL

Vilagarcía de Arousa a 16 de febreiro de 2011.

O Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada o día 30 de decembro de 2010 aprobou inicialmente a modificación do Cadro de Persoal e o anexo de postos de traballo, sendo publicado no Boletín Oficial de Pontevedra nº 14 do día 21 de xaneiro de 2011.

Con data 7 de febreiro de 2011 tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vilagarcía escrito de alegación contra o mentado Acordo provisional interesadas pola FSP-UGT Pontevedra; con data 8 de febreiro tivo entrada escrito de alegacións da empregada Rosa Otero Piñeiro; e coa mesma data tiñeron entrada escritos dos TSFAAD do Concello: Silvia Fernández Saínza, Manuel Martínez Romero, Paula Rial Dieste, Montse Martínez Campos e Alberto Doval González.

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- *Lei 30/1984, de 2 de agosto*
- *Lei 22/1993, de 29 de decembro*
- *Lei 7/2007, de 12 de abril*
- *RD 364/1995, de 10 de marzo*
- *Lei 30/1992, de 29 de novembro.*

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

Primeiro: *A FSP-UGT Pontevedra no seu escrito realiza unha sería de consideracións preliminares que non se refiren a ningún aspecto sustancial do acordo plenario de referencia senon que consisten en opinións de rechazo a xestión municipal no eido dos recursos humanos. Polo que non procede facer consideracións técnicas dende o Negociado de Persoal ao respecto.*

Segundo: *Tanto a FSP-UGT como os empregados como TSFAAD reclaman que os postos de traballo que desempeñan pasen de ter unha xornada a tempo parcial a que esta sexa a tempo completo.*

Respecto a esta cuestión xa trala reforma da Lei 30/1984, de 2 de agosto, operada a través da Lei 22/1993, de 29 de decembro os Plans de Emprego viñan configurados como a ferramenta esencial de que dispoñen as Administracións Públicas para a planificación e execución das súas políticas de xestión de recursos humanos. Máis recentemente O Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Lei 7/2007, de 12 de abril, adica seu título V á “Ordenación de la actividad profesional”, afirmando que a planificación dos recursos humanos nas administracións públicas terá como obxectivo contribuir á consecución da eficacia na prestación dos servizos e da eficiencia na utilización dos recursos económicos disponibles mediante a dimensión adecuada dos seus efectivos, a súa mellor distribución, formación, selección, promoción profesional e mobilidade.

O RD 364/1995, de 10 de marzo, por el que se aprueba el Reglamento General de ingreso del Personal al servicio de la AGE y de provisión de puestos de trabajo y promoción profesional de los funcionarios civiles de la AGE, de aplicación supletoria á Administración Local (art. 1.3) establece no seu art. 2 as clases de Plans de Emprego. Estes poden ser integrais ou operativos:

- 1. Os Plans Integrales de Recursos Humanos constituirán o instrumento básico de planificación global de estos nos ámbitos correspondentes. Especificarán os obxetivos a conseguir en materia de personal, os efectivos e a estrutura de recursos humanos que se consideren adecuados para cumprir tales obxetivos, as medidas necesarias para transformar a dotación inicial na que resulte acorde coa estrutura de personal que se pretenda e as actuacións necesarias ao efecto, especialmente en materia de mobilidade, formación e promoción.*
- 2. Os Plans Operativos de Recursos Humanos: Nó ámbito dos Planes Integrales de Recursos Humanos, ou con independencia dos mesmos, se poderán desenrolar Plans Operativos de Recursos Humanos que, ao obxecto de lograr unha mellor utilización de ditos recursos, determinen las previsiones e medidas a adoptar sobre mobilidade, redistribución de efectivos e asignación de postos de traballo.*

Por outra banda o contido dos traballos para a elaboración do Plan Integral de RRHH foi informado ao Comité de Empresa, Xunta de Persoal e Mesa Xeral de Negociación conxunta persoal laboral e funcionarios, en data 29 de xuño 2009. Coa mesma data consta a entrega de copia da documentación correspondente a: Comité de Empresa, Xunta de Persoal, CCOO, UXT, CIG, CSIF. E con data 15 de xullo teñense recibido as manifestacións de CCOO, CIG e CSIF, respecto da documentación entregada.

Asemade o Concello de Vilagarcía de Arousa en aras a contar có consenso da representación sindical para a posta en marcha do Plan de Emprego 2009-2013, como instrumento de ordenación dos RRHH do Concello de Vilagarcía. Despois de varias xuntanzas a Mesa de Negociación Conxunta celebrada o día 19 de outubro de 2009, coa asistencia de representantes de: CCOO, CSI-CSIF, e CIG. Adoptou entre outros o seguinte acordo:

“Sexto: Os seguintes postos pasarán de tempo parcial a xornada completa: Psicólogo, Traballadora Social, Educadora.

En todo caso a ampliación de xornada dos TSAAFD en todo caso estaba condicionada no acordo de 30 de decembro de 2009 a existencia de consignación presupostaria e polo tanto para levar a efecto a ampliación solicitada debe dispoñerse dos recursos económicos necesarios mediante a modificación do capítulo I do Presuposto e polo tanto proceder a novas amortizacións de prazos.

Terceiro: *A FSP-UGT afirma que os códigos de Complemento de Destino e Complemento Específico definidos como base/tipo non se corresponden cos asignados aos diferentes postos de traballo na relación de postos. Respecto a dita afirmación unha vez comprobado dito*

extremo na documentación obrante no expediente se acredita que consta a codificación homoxénea para postos de traballo iguais das retribucións complementarias asignadas, polo tanto o anexo de Postos aprobado inicialmente xa recolle dita codificación sen que se constaten desigualdades na fijación de retribucións complementarias tal e como se alega. No caso que se producise calquera erro de transcripción incluso na publicación definitiva da Plantilla e Anexo de Postos procedería súa corrección ao tratarse dun erro material conforme al artículo 105 da Lei 30/1992 de 26 de novembro LRJ-PAC.

Cuarto: Con respecto á alegación relativa ao posto de Encargado do Servizo de Normalización Lingüística (SNL) o acordo plenario non altera a configuración de dito posto, permanecendo igual que en precedentes plantillas e anexos de postos. Polo que non se comprende a alegación plantexada.

Quinto: A FSP-UGT e a empregada Rosa Otero Piñeiro veñen a presentar alegacións respecto das retribucións complementarias asignadas ao posto de Técnico de Administración financeira.

A este respecto sinalar que o Pleno da Corporación en sesión de 4 de xuño de 2009 aprobou definitivamente o presuposto xeral do Concello, e o cadro de persoal amortizándose/suprimíndose o posto de Asesor Económico, e por resolución de alcaldía de data 30 de xuño de 2009 deixouse sen efecto a resolución da alcaldía de data 1 de xuño de 2007 que concedía unha gratificación pola realización das tarefas de asesor económico a Rosa Otero Piñeiro titular do posto de Técnico de Administración financeira, ao terse amortizado/suprimido o posto de asesor económico que daba lugar á percepción de dita gratificación.

En consecuencia o acordo plenario de data 30 de decembro de 2010 respecto do que se plantexan as alegacións non altera o xa acordado no Pleno de data 4 de xuño de 2009, nin o executado pola Alcaldesa-Presidenta mediante a resolución de data 30 de xuño de 2009, mantendo o posto de Xefe de Sección vencellado á praza de Técnico de Administración Financeira do que tomou posesión o 1 de febreiro de 2006 por nomeamento de data 27 de xaneiro de 2006 logo de superar o proceso de promoción interna dende o grupo B (actual A2). Estando configurado dito posto como relación de emprego funcionario; escala administración especial, subescala Técnico Superior, tipo de posto Singularizado, complemento de destino nivel 24, e complemento específico código 07. Sen que no acordo plenario de 30/12/2010 se modifique a configuración de dito posto tal e como xa viña establecida en anteriores anexos de postos de traballo.

Si ben por un erro material de transcripción na elaboración do anexo de postos este posto denominouse como “Xefe de Servizo” polo que procede modificar o anexo de postos e correxir dito erro de transcripción mantendo a denominación que xa viña constando en anteriores relacións de postos como XEFA DE SECCIÓN.

Sexto: Con respecto ao factor de nocturnidade e traballo en festivos a ter en consideración na valoración do complemento específico, debe aclararse que ditos factores non son homogéneos para cada posto de traballo en cada mensuralidade pudiendo variar a súa realización ou non por cada un dos empregados que desempeñen cada posto, por elo non existe discriminación ningunha xa que estase tratando homoxeneamente situacións que sexan iguais. Hay que recalcar que O Tribunal Constitucional xa se ten pronunciado acerca do alcance do principio de igualdade garantizado pola Constitución no seu artigo 14 respecto do seu carácter claramente proporcional. Pola contra sí suporía unha discriminación retribuir igualmente a un posto de traballo que non teña asignadas na mensuralidade de que se trate tarefas que implique os factores referidos.

Séptimo: Con referencia á solicitude de información sobre a Comisión para o estudo de gratificacións procede informar que seu funcionamento se axusta ao disposto no artigo 123 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por el que se aprueba el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales:

“Las Comisiones Informativas, integradas exclusivamente por miembros de la Corporación, son órganos sin atribuciones resolutorias que tienen por función el estudio, informe o consulta de los asuntos que hayan de ser sometidos a la decisión del Pleno y de la Comisión de Gobierno cuando ésta actúe con competencias delegadas por el Pleno, salvo cuando hayan de adoptarse acuerdos declarados urgentes.

2. Igualmente informarán aquellos asuntos de la competencia propia de la Comisión de Gobierno, y del Alcalde o Presidente, que les sean sometidos a su conocimiento por expresa decisión de aquéllos.”

Oitavo: Con relación ao contido da alegación séptima do escrito de UGT relativo ao pago da equiparación salarial cun ano de atrasos, procede informar que O Concello de Vilagarcía debe axustar sua actuación ao previsto no artigo 173 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales:

“Exigibilidad de las obligaciones, prerrogativas y limitación de los compromisos de gasto:

1. Las obligaciones de pago sólo serán exigibles de la hacienda local cuando resulten de la ejecución de sus respectivos presupuestos, con los límites señalados en el artículo anterior, o de sentencia judicial firme.

...

3. El cumplimiento de las resoluciones judiciales que determinen obligaciones a cargo de las entidades locales o de sus organismos autónomos corresponderá exclusivamente a aquéllas, sin perjuicio de las facultades de suspensión o inexecución de sentencias previstas en las leyes.

4. ...

5. No podrán adquirirse compromisos de gastos por cuantía superior al importe de los créditos autorizados en los estados de gastos, siendo nulos de pleno derecho los acuerdos, resoluciones y actos administrativos que infrinjan la expresada norma, sin perjuicio de las responsabilidades a que haya lugar.”

Todo o cal se informa sen perxuicio doutra opinión mellor fundada en dereito nembargantes o órgano decisorio adoptará o que considere.

O Negociado de Persoal

*A Secretaria Xeral
Rosa Losada Suárez*

- Intervén o Sr. Membrives Rojas dicindo que se trata de desestimar os recursos e aprobar definitivamente o cadro de persoal. Hai un tema importante que é a equiparación que se fixo dende o 1 de xaneiro de 2011, e respecto ás alegacións teñen puntos escuros e outros ben intencionados. Se non hai cartos hai cousas que non se poden facer.

- Intervén o Sr. Fole Díaz dicindo que o Grupo Municipal do PP vai a solicitar unha cousa que é votar por separado, xa que están en contra do apartado 3º.

- Intervén o Sr. Membrives Rojas dicindo que se vai manter a votación no seu conxunto, pero técnicamente si é posible.

- Intervén o Sr. Fole Díaz dicindo que votarán a favor dos dous primeiros puntos e o terceiro, ratificar o acordo plenario de 30 de decembro de 2010, en contra. En caso de votar conxuntamente votarán en contra.

Sometido a votación de forma conxunta, da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con doce votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (6), BNG (3), EU-IU (3), unha abstención, pertencente ó membro do grupo político municipal de IVIL (1), e sete votos en contra, pertencentes ós membros do grupo político municipal do PP (7),

ACÓRDASE: Por maioría,

Primeiro: Desestimar as reclamacións presentadas por parte de: Federación de Servicios Públicos da UGT en Pontevedra.- Rosa Otero Piñeiro.- Silvia Fernández Saínza.- Manuel Martínez Romero.- Paula Rial Dieste.- Montse Martínez Campos e Alberto Doval González, en base ao recollido no citado informe xurídico.

Segundo: Corrixir o erro material na denominación do posto que ocupa a empregada Rosa Otero Piñeiro que debe manter a denominación que xa tiña nos precedentes anexos de postos como Xefa de Sección.

Terceiro: Ratificar o acordo plenario de data 30 de decembro de 2010 relativo á modificación da plantilla e anexo de postos de traballo en tódolos seus apartados.

12.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG CONTRA A PRIVATIZACIÓN DAS CAIXAS DE AFORRO.- Pola Sra. Secretaria dáse lectura ó ditame emitido pola Comisión Informativa de Xestión Económica-RR.HH. e Especial de Contas, en sesión celebrada o día 22 de febreiro de 2011, do seguinte teor:

Dáse conta da Moción presentada polo Grupo Político Municipal do BNG, coa data de 18 de febreiro de 2011, do teor literal seguinte:

“ MOCIÓN: CONTRA A PRIVATIZACIÓN DAS CAIXAS DE AFORRO.

Ao tempo que se está a iniciar a andaina da nova caixa de aforros galega, logo de acometer un proceso de integración que conta cun alto grado de consenso dos axentes sociais de Galiza, e que ten por obxectivo primordial seguir dotando a Galiza dun instrumento financeiro solvente ao servizo da economía do país, o Goberno Central ven de formular unha proposta de reforma do sistema financeiro que avanza cara a privatización das caixas de aforro e implica unha mudanza substancial de dito proceso e aboca a “Novacaixagalicia” a transformarse nun banco privado.

A decisión do Goberno Central non ten fundamentos técnicos ou económicos, é exclusivamente política, e ten coo orixe a absoluta subordinación do Goberno do Estado aos intereses do capital financeiro. Constitúe un chanzo máis no proceso de consolidación do capital financeiro, auténtico detonante da actual crise económica polas súas prácticas especulativas guiadas por un afán de obter enormes lucros por riba da evolución da economía real, e que agora quere saír reforzado incidindo claramente no sistema público de pensións e nas propias caixas de aforro.

O BNG ven advertindo do deseño adoptado polo Goberno Central, consensuado co PP, que fomentaba a desterritorialización, bancarización e privatización das caixas de aforro, plasmando tanto na creación do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria (FROB), como na aprobación dunha reforma express da normativa ordenadora dos órganos reitores das caixas de aforro, que serven de marco xurídico de referencia no cal se sustenta agora a nova reforma deseñada polo Goberno Central.

Perante iso, o BNG promoveu unha reforma da Lei de caixas de aforro de Galiza cuxa finalidade é a de colocar o aforro galego ao servizo do tecido produtivo do país e ademais defendemos desde o primeiro momento a fusión galega como ferramenta clara do reforzo e blindaxe do sistema financeiro galego. Mais agora, ese resultado de contarmos cunha única caixa de aforros galega está en cuestión, certamente por unha repentina actuación unilateral do Goberno Central e do Banco de España, mais tamén polo amparo que lle outorga o marco xurídico deseñado logo dos cambios legais que, consensuados polo PSOE e PP, foron acometidos ao longo dos últimos dous anos.

Galiza non pode ficar impasibel perante a tentativa de quedar sen unha caixa de aforro que se encargue de nutrir o financiamento necesario para o tecido produtivo do país, onde as empresas e emprendedores galegos obteñan os recursos precisos para facer viables os proxectos que crean valor, riqueza e emprego en Galiza.

A privatización da nosa caixa galega significaría a desaparición dun sistema financeiro galego propio. Sen dúbida, constituiría unha apropiación indebida das caixas de aforros galega os seus lexítimos propietarios, as institucións e impositores, para permitir a absorción do aforro galego polos poderes financeiros alleos a este país. Alén diso, a privatización das caixas de aforro non vai resolver a crise económica actual, senón que pola contra vana agudizar ao reforzar máis o poder do capital financeiro privado en detrimento das maiorías sociais que se sumirán nunha fonda crise social.

No BNG estamos convencidos que é o momento de defender os intereses de Galiza, reclamando tamén ao Presidente da Xunta de Galiza que se poña á fronte da contestación do deseño dun novo mapa financeiro que non respecta nin a galeguidade, nin a vocación social da nova caixa de aforros galega, e faga valer o consenso acadado na sociedade galega a prol dunha caixa de aforros cumpra dun xeito efectivo o seu papel social de contribución ao impulso da economía produtiva do país.

Polo exposto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación a adopción do seguinte:

ACORDO

- 1. Rexeitar frontalmente as pretensións do Goberno do Estado de privatizar e bancarizar a nosa caixa galega (Novacaixagalicia).**
- 2. Solicitar do Goberno do Estado a retirada do denominado “Plan de reforzamento do sector financeiro” no que atinxe ás caixas de aforro.**
- 3. Reclamar do Goberno da Xunta de Galiza que defenda as competencias estatutarias de Galiza, actuando decididamente para evitar que o proceso de reestruturación das caixas de aforro galegas leve aparelada a entrada de capital privado nos seus órganos de decisión e a transformación nun banco privado.**
- 4. Expresar o compromiso inequívoco en manter o vixente modelo de caixas de aforro, con vocación social e vinculación territorial, e demandar dos Gobernos central galego que eviten calquera tentativa para que as caixas de aforros sexan alleadas en favor da banca privada e do capital financeiro.**

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As/os representantes dos grupos políticos municipais de B.N.G., EU-IU e IVIL informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos políticos municipais de P.S.de G-PSOE e PP, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da Moción presentada polo Grupo Municipal do BNG contra a privatización das caixas de aforro.

- Intervén o Sr. Alcalde en Funcións dicindo que o Grupo Municipal do BNG trae esta Moción por que son sensibles e por ser parte activa directa xa que o Concello de Vilagarcía está representado na Asemblea Xeral . Foron evolucionando as Caixas para formular unha labor social e humanitaria e o Goberno do Estado vai na dirección de cambiar ese modelo e bancarizar esas entidades.

As autoridades monetarias van a vender ao extranxeiro as caixas de aforro.

- Intervén o Sr. Rivera Mallo dicindo que todo xogou en contra de Galicia. Primeiro deixouse agonizar a pesca, agricultura, naval, enerxía, e agora o principal motor financeiro da comunidade. Di que apoia a moción.

- Intervén o Sr. Fajardo Recouso dicindo que o Grupo Municipal de EU-IU apoia a moción. Estan dicindo de regalar, saneáronse cos cartos de todos e agora faise negocio. Estase ante usureiros e votaran a favor engadindo a nacionalización da banca.

- Intervén o Sr. Fole Díaz dicindo que o Grupo Municipal do PP apoia a moción e lamentan que as Caixas despois de aguantar a crise económica e as fusións non aguanten o Goberno de Zapatero.

Hai que saír en esa defensa da labor social das caixas e apoian a Moción.

- Intervén o Sr. Membrives Rojas dicindo que o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE vai a votar en contra. Era un Plan necesario e creouse confianza no sector bancario. Estase discutindo sobre o futuro das caixas galegas. Non é unha lei centralista, pois CIU e o PNV apoiaron o Decreto.

Sometido a votación da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con catorce votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do BNG (3), PP (7), EU-IU (3) e IVIL (1, e seis votos en contra, pertencentes ós membros do grupo político municipal do PSdeG-PSOE (6),

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a Moción presentada polo Grupo Político Municipal do BNG contra a privatización das Caixas de Aforro e:

1. Rexeitar frontalmente as pretensións do Goberno do Estado de privatizar e bancarizar a nosa caixa galega (Novacaixagalicia).
2. Solicitar do Goberno do Estado a retirada do denominado “Plan de reforzamento do sector financeiro” no que atinxe ás caixas de aforro.
3. Reclamar do Goberno da Xunta de Galiza que defenda as competencias estatutarias de Galiza, actuando decididamente para evitar que o proceso de reestruturación das caixas de aforro galegas leve aparellada a entrada de capital privado nos seus órganos de decisión e a transformación nun banco privado.
4. Expresar o compromiso inequívoco en manter o vixente modelo de caixas de aforro, con vocación social e vinculación territorial, e demandar dos Gobernos central galego que eviten calquera tentativa para que as caixas de aforros sexan alleadas en favor da banca privada e do capital financeiro.

13.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE EU-IU DE NOMEAMENTO ESPAZO PÚBLICO ENTRE AUDITORIO E AVDA. DA MARIÑA COMO PRAZA DA REPÚBLICA..- Pola Sra. Secretaria dáse lectura ó ditame emitido pola Comisión Informativa de Xestión Económica-RR.HH. e Especial de Contas, en sesión celebrada o día 22 de febreiro de 2011, do seguinte teor:

Dáse conta da Moción presentada polo Grupo Municipal de EU-IU coa data de 18 de febreiro de 2011, do teor literal seguinte:

MOCION NOMEAMENTO DO ESPAZO PUBLICO UBICADO ENTRE O AUDITORIO MUNICIPAL E A AVD. DA MARIÑA, COMO PRAZA DA REPUBLICA.

O GRUPO MUNICIPAL DE ESQUERDA UNIDA NO CONCELLO DE VILAGARCIA, PROPON PARA O SEU DEBATE EN PLENO, A PRESENTE MOCIÓN EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Esta corporación municipal ten adoptado no seu día, un acordo maioritario no que se comprometía a nomear unha rúa ou praza do concello como praza da república, é por iso que co obxectivo de dar cumprimento a ese acordo, o grupo municipal de esquerda unida propón a adopción dos seguintes ACORDOS:

*PRIMERO. Instar o goberno local, a nomear o espazo publico (praza) situada entre o Auditorio municipal o parque de Miguel Hernández e a Avd da Mariña, como praza da república.
SEGUNDO.-O Concello colocará nese lugar , un elemento recordatorio deste nomeamento..*

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As/os representantes do grupo político municipal de EU-IU., informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos políticos municipais de PSdeG-PSOE, BNG e IVIL, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

As/os representantes do grupo político municipal de PP, informan desfavorablemente.

En consecuencia e por maioría informase favorablemente aprobación da Moción presentada polo Grupo Político Municipal de EU-IU de nomeamento do espazo público entre o Auditorio e a Avda. da Mariña como Praza da República.

- Intervén o Sr. Fajardo Recouso dicindo que no seu día se aprobou co nome de II República, e debese dotar do nome de II República o espazo citado na Moción, pois sen esa época non teríamos a cativa democracia de hoxe en día.

- Intervén o Sr. Membrives Rojas dicindo que corrixido o erro e en coherencia co acordo do 24 de abril de 2008 o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE vai a apoiar a Moción, xa que a II República supuxo un avance en materia social e educativa.

- Intervén o Sr. Rivera Mallo dicindo que debe aprazarse esta decisión ata que se faga un rueiro.

Sometido a votación pola Sra. Alcadesa da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con doce votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais de EU-IU (3), PSdeG-PSOE (6) e BNG (3) e oito votos en contra, pertencentes ós membros dos grupos políticos municipais do PP (7) e IVIL (1)

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a Moción presentada polo Grupo Municipal de EU-IU e, PRIMERO. Nomear o espazo publico (praza) situada entre o Auditorio municipal o parque de Miguel Hernández e a Avda da Mariña, como praza da II República. SEGUNDO.-Colocar nese lugar un elemento recordatorio deste nomeamento.

14.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE EU-IU SOBRE REFORMA DE TARIFAS OU PREZOS PÚBLICOS APLICABLES NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL.- Pola Sra. Secretaria dáse lectura ó ditame emitido pola Comisión Informativa de Xestión Económica-RR.HH. e Especial de Contas, en sesión celebrada o día 22 de febreiro de 2011, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo Grupo Político Municipal de EU-IU coa data de 18 de febreiro de 2011, do teor literal seguinte:

MOCIÓN REFORMA DO ACORDO DE TARIFAS OU PREZOS PÚBLICOS APLICABLES NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL.

O GRUPO MUNICIPAL DE ESQUERDA UNIDA NO CONCELLO DE VILAGARCÍA, PROPÓN PARA O SEU DEBATE EN PLENO, A PRESENTE MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A situación actual de crise económica está sendo especialmente dura para as familias traballadoras e os autónomos, incrementando diariamente as súas dificultades para subsistir en termos de dignidade económica. Ademais as últimas decisións dos gobernos como incrementar o IVE, subida dos prezos da luz e do gas, conxelación das pensións, etc.... están provocando verdadeiros dramas nas familias do noso concello.

Ante esta situación o concello de Vilagarcía, debe adoptar medidas tendentes a paliar estas dificultades, sendo ademais a atención ós nenos e nenas menores de 3 anos, un obxectivo claro para mellorar os servizos públicos, ate acadar a súa total adscrición o ensino público universal e gratuíto, non é de recibo que se continúe subvencionando o ensino privado, e decenas de familias mil-euristas teñan que continuar pagando pola atención dos seus cativos.

Por todo isto, propoñemos a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO: A corporación municipal comprométese a revisar o cadro de tarifas da escola infantil municipal, introducindo os seguintes criterios:

- Incrementar o número de tramos de tarifas, de tal xeito, que se incremente a proporción entre ingresos e cotas a pagar.*
- Incrementar ata o $\frac{3}{4}$ partes do salario mínimo interprofesional, como renda per cápita que dea lugar á exención total da cota.*
- Adaptar as tarifas a tempo real de utilización do servizo, introducir polo tanto a cota para media xornada.*

SEGUNDO: A corporación municipal comprométese a dotar á Escola Infantil Municipal das seguintes infraestruturas: Biblioteca infantil; aula de actividades; local de reunión.

TERCEIRO: A corporación comprométese a estudar e adoptar as medidas propostas pola ANPA da escola municipal, referentes ás melloras burocráticas en canto a altas, baixas e inscricións fora de prazo.

Pola Secretaria expónse que para aplicar as modificacións propostas polo grupo municipal de EU-IU sería preciso tramitar unha Ordenanza Fiscal Reguladora do prezo público en cuestión.

Polo Sr. Fajardo Recouso indícase que se trata dunha proposta política para negociar.

Pola Sra. Lorenzo Fraga sinálase que se están aplicando as tarifas establecidas pola Xunta de Galicia e polo tanto habería que reformar a Ordenanza que non se aprobou no seu día ou elaborar unha nova ordenanza.

Indica finalmente que os apartados 2 e 3 da Moción xa están feitos.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As/os representantes do grupo político municipal de EU-IU., informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos políticos municipais de PSdeG-PSOE, BNG, PP e IVIL, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría informase favorablemente a Moción presentada polo Grupo municipal de EU-IU sobre reforma de tarifas ou prezos públicos aplicables na Escola Infantil Municipal.

- Intervén o Sr. Fajardo Recouso dicindo que o Grupo Municipal de EU-IU quere formular que actualmente unha familia de 1 fillo que ingresa algo mais de 700 € entre os dous pais ten que pagar a gardería. A merenda teñen que levala da casa.

EU-IU formula unha modificación, que exista un compromiso para levar ao Pleno un novo Regulamento, e crear unha comisión de voceiros para adecuar a ordenanza:

- Garantir que quen mais ten mais paga.
- Pasar a cota actual ao 75% do IPREM.
- Dotar de infraestruturas a Gardería.

Hai 1812 nenos e hai 401 prazas en total (públicas e privadas), só o 22% de nenos teñen acceso a 1 praza, isto son datos do Concello.

Gástanse cartos en ir a pegar tiros a Irán, etc., pagar aos colexios concertados, pero os avos son os novos escravos do século XXI.

- Intervén a Sra. Lorenzo Fraga dicindo que o venres pasado se presentou esta moción para o Pleno. Deuse conta EU-IU que está mal formulado e logo fco Grupo Municipal do PSdeG-PSOE presenta unha serie de cambios sen comentar nada con ela. Como ben dicía este Goberno Municipal fixo un traballo salientable, hai 2 hanos trouxo o primeiro regulamento da Escola Infantil Municipal e se está aplicando e tamén a Ordenanza Fiscal que se rexeitou, co cal víronse obrigados a aplicar o Decreto da Xunta de Galicia e na Ordenanza se propoñan os cambios que agora formula EU-IU, é un tema importante pero tiña que chegar moito antes, di que ten as taboas e baremos, con 800 € unha familia ten unha exención total da cota.

Ía a formular de que ou ben EU-IU presenta unha Ordenanza alternativa pois o tema de axustar as tarifas ao tempo real xa se recollía na Ordenanza Fiscal.

Existe unha biblioteca infantil, a Escola conta con 12 aulas, comedor, cociña, lavandería, aula de proxeccións, fíxose unha ampliación no ano 2007. Dende que se constituíu a ANPA a partir do Regulamento de 2009 querían un espazo dentro da escola e quedaron cunha antiga escola unitaria cun espazo verde e introduciuse un prazo de matrícula.

Pagáronse 240.000 € en concepto de subvencións ás familias. O Grupo de Goberno está de acordo coa Comisión de Voceiros para elaborar a Ordenanza Fiscal de consenso, pero sen aceptar a condición de EU-IU ao fixar límite máximo de subvencións.

- Intervén a Sra. Rey Barreiro Meiro dicindo que a Xunta de Voceiros non pode mediatizar a priori, é especificará unha orde do día, pero sen expoñer a priori as condicións. Debe lerse o Decreto de 2002, pois esa familia estaría exenta. Non pode haber actividades alternativas para nenos de menos de 3 anos.

- Intervén o Sr. Fajardo Recouso dicindo que os queren facer parvos a todos. Na actualidade un home solo cun fillo, que gaña 527 € paga.

EU-IU vai a ir a esa comisión. Cos 3.000 € que destina Cultura a un asesor persoal cantas axudas se podería facer deste tipo, reducindo o custo das festas tamén se darían mais axudas.

Organízanse pola ANPA temas de música, motricidade cos seus pais. A Concelleira non fixo outra proposta porque non hai orzamento municipal.

Siga negando a realidade, co salario de Concelleira liberada non ten problemas.

- Intervén a Sra. Lorenzo Fraga dicindo que ela é concelleira liberada, e o Sr. Fajardo un sindicalista liberado, onde goberna EU-IU a cota de pago é mais elevada á do Decreto da Xunta de Galicia. Os recursos municipais son limitados, é así entre todos temos a obriga de buscar mais recursos. Aquí tróuxose unha Ordenanza Fiscal e o Sr. Fajardo comprometeuse a traer unha proposta alternativa e non o fixo. Creouse unha Galescola, foi un logro importante para o Goberno Municipal, e está chea.

- Intervén o Sr. Alcalde en Funcións dicindo que en Cultura non hai un asesor persoal, e menos con esa retribución.

Sometido a votación da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con tres votos a favor dos membros pertencentes ó grupo político municipal de EU-IU, e dezasete votos en contra, pertencentes ós membros dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (6), BNG (3), PP (7) e IVIL (1),

ACÓRDASE: Por maioría rexeitar a aprobación da Moción presentada polo Grupo Municipal de EU-IU sobre reforma de tarifas ou prezos públicos aplicables na Escola Infantil Municipal.

15.- INTERPELACIÓNS

Non se presentaron.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de

urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

- Sendo as 21:45 h. auséntase definitivamente o Sr. Rivera Mallo.

12.- ROGOS E PREGUNTAS.- Polos Sres/as Concelleiros/as que se citan a continuación fórmulanse os seguintes rogos e preguntas:

- O Sr. Fole Díaz pregunta polo cronograma das obras de Castelao e se se van a cambiar as tubaxes.

- Contesta a Sra. García Sanmartín dicindo que en principio están previstos 2 cambios de tubaxes en Castelao e Xeneral Pardiñas.

- O Sr. Fole Díaz pregunta se vai a supoñer un custo adicional.

- Contesta a Sra. García Sanmartín dicindo que non ía no proxecto inicial e non vai a supoñer mais custo económico.

- O Sr. Fole Díaz di que a Radio Local, parece ser que está emitindo o que emitiu en algún momento.

- O Sr. Castro Ratón di que en xuño de 2010 acordouse completar o expediente para manter a licenza municipal cun custo de 600 € que comprendía unha probas. É iso foi o que sucedeu coas probas. Durante o mandato que queda non entrará en funcionamento a emisora municipal.

- O Sr. Fole Díaz di que ao parecer estaban emitindo música pero iso non son probas, é unha emisora. Di tamén que chegou unha revista de Vilagarcía e pregunta se o Concello ten algo que ver.

- O Sr. Castro Ratón di que non figuran nas fotos membros do Goberno Municipal e polo tanto non é do Concello.

- O Sr. Fajardo Recouso pide unha relación de facturas de Cultura dos últimos anos.

- O Sr. Castro Ratón contesta que as facturas están en Intervención ao seu dispor, se quere revisalas.

Por parte do público presente fanse as seguintes preguntas:

Un representante da Asociación Medioambiental de Arousa di que se deben recoller os desperdicios e pregunta a todos os concelleiros ¿Por que non se esixe aos Sres. do Mercado os martes e sábados que deixen limpo o entorno?

Segue dicindo que no Parque Miguel Hernández faltan 31 árbores.

- Dona Clara Vilariño di que o Concello lles pisa a dignidade e a honradez, e que solicitou unha entrevista á Alcaldesa o 7 de xaneiro por que ten unha problemática grave.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde, levántase a sesión, sendo as vinte e dúas horas e quince minutos, da que se estende a presente acta, e eu como Secretaria dou fe.